

Gonzalo Caballero na Festa da Rosa de Pontevedra



Páxina 11

Medio Rural dedicará 21 hectáreas a pasteiros en Sober



Páxina 12

Tomiño e Cerveira asinan a constitución da Eurocidade



Páxina 18

Aprobada a subvención para a urbanización do Campo da Feira en Salceda



Páxina 21

O Festival de Cans recibe o Premio da Cultura Galega



Páxina 22



Expourense celebrou en Brasil Termatalia 2018

Páxinas 13 e 14

Entrevista



Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

“Hai desconexión entre a xente nova coa lingua e cultura pero tamén senten afecto cara ela”

Páxina 2

GTBica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

Entrevista

Por Moncho Mariño

Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

“Hai desconexión entre a xente nova coa lingua e cultura pero tamén senten afecto cara ela”

Rosario Álvarez Blanco é a primeira muller en presidir o Consello da Cultura Galega desde a súa fundación. Os retos que terá por diante son aqueles que sobre todo afectan á lingua, pero tamén á preservación daqueles elementos patrimoniais que, sendo aínda contemporáneos, forman parte xa da nosa cultura. Álvarez sente como necesario un achegamento á xente máis nova para facer posible que as novas xeracións vexan o galego como un elemento válido para comunicárense mesmo no uso das redes sociais e das novas tecnoloxías.

-Asumir a presidencia do Consello da Cultura Galega (CCG) é un desafío?

É un desafío, porque non é o mesmo estar nesta institución participando doutra maneira, como en comisións ou desde a vicepresidencia. É un reto enorme pero ao mesmo tempo penso que o levo con calma. Quixera levar adiante todo o programa que presenteí diante dos membros do plenario, que o programa, que ten a súa ambición, pero para facelo hai que ir con calma.

-Cales serán os eixos principais sobre os que descansa o programa que vostede quere materializar?

Diría que van catro liñas fundamentais, catro autoestradas realmente. Un tería que ver coa mesma organización interna do CCG. Temos unha institución que non é abondo coñecida fóra do nome. Moita xente, mesmo persoas que están implicadas como axentes culturais, non saben moi ben como funciona o CCG, e xa non digamos persoas que non están relacionadas cos ámbitos máis relacionados coa cultura, cando o Consello implica a moitas persoas do ámbito cultural, á parte dos traballadores desta casa, que realmente temos un cadro pequeno para o que é a institución. Nestes momentos, incluíndo o plenario, implicamos cento cincuenta persoas, todas elas significadas dentro do tecido cultural galego. Ningunha corporación semellante pode presentar un plantel coma este, cunha capacidade de actuación no campo da cultura como é o CCG. Son persoas de todos os ámbitos, todas elas traballan sen retribución para levar adiante programas de acti-

vidades, análises e outras accións. En resumo, quería darlle unha volta a todo isto para que funcionase de maneira máis eficaz que neste momento.

-A segunda autoestrada que implicaría?

Tería que ver coa conexión entre o CCG e o ecosistema cultural completo. Ter en conta que nós temos que propiciar un diálogo entre todo tipo de axentes culturais. Algúns están en postos de gobernanza que poden incidir nas políticas públicas en materia de cultura, como cos traballadores e traballadoras do sector cultural que son o 3% dos empregados en Galicia. Pero sobre todo buscamos contacto con asociacións que se moven no ámbito local, tamén son transversais, pero que permiten capilarizar a cultura. Cando dicimos que queremos falar con todas elas, é polo tema da igualdade, tamén da igualdade de xénero por suposto, pero eu insistín que me preocupa a igualdade para xente de todas as idades, pensando nos mozos e mozas e persoas doutras idades. Non queremos pensar só nun segmento entre os trinta e os sesenta, senón pensar que a pirámide de poboación vai de cero a cen. E tamén a igualdade territorial, porque non podemos seguir forzando a fractura de Galicia en dúas metades, unha atlántica e outra oriental. A atlántica cun peso demográfico e económico fundamental e logo unha oriental que nos deixa Lugo e Ourense cunha dificultade de acceso á cultura.

-O terceiro eixo da súa proposta programática.

Ten que ver coa proxección exterior da cultura galega. Ten que ver coa



atención aos galegos do exterior, emigrantes e exiliados. Pero ademais temos unha nova xeración de mozos e mozas fóra e estes grupos de galeguidade que se están formando en Londres, París ou Barcelona, onde hai mozos e mozas que se están organizando cunha capacidade de traballo extraordinaria que deberíamos atender. Existen por tanto grupos de persoas no exterior que crean cultura galega, pero tamén deberíamos levar a cultura galega que se crea aquí a esas comunidades que viven fóra e tamén outras sociedades. Aproveitar tamén o camiño de Europa e a posición atlántica de Galicia, porque temos que ter unha presenza propia nos estudos atlánticos. E xa a cuarta autoestrada ten que ver con todas as anteriores, que é aproveitar o máximo as novas tecnoloxías para crear cultura a través dos recursos dixitais. Xa hai unha preocupación antiga para estar nese ámbito, remodelamos a web pero queremos chegar máis alá e para iso temos que presentar unha cantidade maior de recursos a través da nosa web, mesmo pensando tanto na estruturación territorial e

no coñecemento da nosa cultura tanto nas comunidades exteriores como na posición atlántica. Temos que ter unha presenza na rede maior da que temos agora.

-Como se achegaría o CCG a un segmento de idade de 1º de ESO a último ano de bacharelato.

Xa fomos facendo cousas ata o de agora. Temos o programa “No bico un cantar” que reúne a nenos dos coros de diferentes conservatorios. É unha maneira de vincularlos. Nós non somos quen ten que facer a programación cultural, somos os que deben analizar a situación e detectar cales son os problemas, os puntos fortes e febles e facer propostas de actuación para trasladar a quen ten a capacidade de goberno. O Consello é un órgano consultivo. Cando facemos traballos coa mocidade vemos que hai unha certa desconexión coa lingua e a cultura e dependendo dos lugares. Hai unha desafección e desconexión coa lingua e cultura entre a xente nova, pero que por outra parte mostran afecto pola cultura e lingua galegas pero non a desfrutan.



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Ordenando a miña alacena (VIII)

Aquí estou diante dunha páxina en branco do meu ordenador tentando enxergar algo coherente entre as “perlas” que teño gardadas na miña alacena.

Como a que teño está constantemente desbordada, decidín dotarme de máis alacenas. Mellor, de máis elementos familiares onde cada día vou botando unha perla informativa tras outra; tantas que decidín utilizar outros lugares para poder facer fronte a un torrente de novas que cada día van parar á miña alacena. A partir de agora poderán vostedes atopalas en lugares como o faiado, o cabaceiro (horreo ou piono), incluso na salgadeira, se se tratase de cousas ás que hai que cuidar para que non se estraguen. Xa saben que as salgadeiras eran as equivalentes ás arcas actuais que utilizamos para que os alimentos non se perdan.

Non importa que o rato sexa branco ou negro, o que importa é que cace ratos, Felipe González, dixit.

Comencemos polo Sr. Rato (que meu rato nos saíu!!) camiño do cárcere se a Audiencia Nacional non o indulta, que todo pode ser. O Tribunal Supremo vén de confirmar a sentenza condeándoo a 4 anos e medio polas famosas tarxetas blak. Aos restantes coleguillas seus da falcatrada rebáixanlle as condenas de maneira que non teñen que mirar o sol a cadros. Din que é porque colaboraron coa xustiza e devolveron o defraudado. Curiosas sentenzas. Se dun pequeno rato se tratara, que entrara nun supermercado e se apropiara dunhas cantas cervexas e unha caixa de galletas, poñamos por caso, non lle rebaxaban nada: roubo con violencia e nocturnidade igual a dous anos de

cárcere sen remisión. Así é a chamada xustiza.

O caso catalán, xa histórico.

Cataluña co 19% do PIB do Estado Español non se sente a gusto nesta pel de touro chamada España. Ben, hai que precisar que non todos os cataláns teñen os mesmos sentimentos; están ao 50%.

Estes días estaban de “cumpreanos” e quixeron celebralo por todo o alto pero pasáronse de frenada. Disturbios, cargas policiais contra os manifestantes, etc. ofreceron un panorama pouco edificante e pouco apropiado para os seus intereses. Por ese camiño está claro que pouco van conseguir.

Os vascos teñen máis experiencia nestes asuntos. Urkulle esíxelle a Pedro Sánchez e a Torra que se senten a dialogar e a negociar todo o que sexa negociable pero saíndo desta situación pouco civilizada en que os cataláns máis independentistas teñen metido ao seu pobo.

Hai que dicir que o propio Presidente da Generalitat foi reprobado aos berros e insultado por non estar á altura dos máis radicais. Difícil papeleta ten o Sr. Torra; cando os seus o insultan vémoslle pouco futuro por ese camiño. Como se viu presionado botou man do micro e lanzou un ultimato a Pedro Saáñez: “Se antes de terminar novembro non ofrecía unha saída negociada para un referendo de autodeterminación para Cataluña que se esquecera dos apoios dos parlamentarios cataláns no Parlamento de Madrid.

Meu dito, meu feito. O parlamentario Rufián (o terror do PP) respostoulle a Torra que as decisións dos parlamentarios de Madrid tomábanse en Madrid.

Diante desta situación o Presidente catalán enfundou a súa arma de guerra escribíndolle a Pedro Sánche unha carta rebaxando os ánimos e convidándoo a unha inmediata entrevista para seguir falando.

O novo cachorro do PP quiere mostrar os dentes.

Pablo Casado está que se sae.

Como o Supremo decidiu non invetigalo (como ían facelo se os seus membros foron elixidos maioritariamente polo PP nos tempos de Rajoy?), non se lle ocorre mellor técnica política



de acoso ao goberno que sacar cabeza e presentarse como un político transparente. Xa hai que ten...si eso que vostedes están a pensar, para manter tal actitude.

Atrévase a esixir ao Presidente do Goberno que volte a poñer en marcha o 155, pero agora máis cargado ao bombo. Non lle vale coas medidas xa tomadas con este mecanismo. Estase metendo nun avispeiro do que non sabe como saír. Pretende lanzar a Ci-

dadáns ao centro esquerda que agora ocupa o PSOE para quedarse el, o PP, con toda a dereita aínda a máis ultra, seguindo as instrucións de Aznar.

Rivera que cheira a torrada dille que se quere compañía que se aveña a negociar a lei electoral dos 5% precisos para obter acta parlamentaria ou non hai trato. Aquí Casado non entra, deste xeito sabe que Cidadáns non poderá acadar actas de deputado en moitas circunscricións. Iso foi o que lle pasou en Galicia nas últimas eleccións autonómicas. Casado segue un decálogo do que falaremos dos seus primeiros cinco artigos: 1/ atreverse a dicirle ás mulleres como deben vivir, 2/ Cualificar ao movemento feminista como “ideoloxía de xénero”. 3/ Non importarle o voto xenófobo; cousa que lle traerá grandes disgustos. 4/ Reclamar a ilegalización dos partidos independentistas e nacionalistas, aínda que ultimamente tivo que rectificar dicindo que se refería ás bonificacións que reciben para que non tiveran a capacidade económica que agora teñen e 5/ Comparar o referendo catalán do pasado 1-0 do 2017 coma un golpe de Estado.

O perigoso de todo isto é que son moitos os españois que os seguen, igual que fixeron con outros políticos mozos de triste lembranza que animaban a defender unha España grande e libre. Xa sabemos como remataron. Os seus déronlle paseo; hoxe andan ás voltas coas súas cinzas. Esperemos que casado teña mellor sorte. Claro que tamén desexamos que se sosegue, que acougue e madure. Quédanlle moitas voltas para representar algo na política española.

Sexan felices se poden.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Galicia

Redacción SANTIAGO

Arranca o novo curso da escola de música de "aCentral Folque"

A escola de música de aCentral Folque iniciará o 19 de outubro o novo curso, con aulas individuais e colectivas e cunha nova edición do Curso Maxistral especializado en músicas populares. O curso maxistral terá unha duración de case oito meses, con catro horas semanais de clases, tanto teóricas como prácticas. Ao remate, os participantes poderán gravar nun estudo profesional "seguindo a estela dos traballos xa editados, EMPA01 e EMPA02".

O concerto de presentación do novo curso de aCentral-Folque será o venres 6 de outubro, a partir das 21.00 horas na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

No concerto participarán persoas que nos últimos anos teñen pasado por aCentral Folque, como Paulina Ceremuzynska, Javier María López, Óscar



Fernández, Sergio de la Ossa, Serxio Cobos ou María Blanco. Tamén participará o saxofonista Pablo Castaño, que vén de editar con aCentral Folque o seu primeiro disco como líder da banda Pablo Castaño Quartet, centrado no canto libre de tradición oral galego por excelencia: o alalá. Estará acompañado do guitarrista Mauricio Caruso e dunha das alumnas de canto da escola, Alba Costa. A entrada para o

concerto será libre.

aCentral Folque está a celebrar o seu 18 aniversario, e os 10 anos da súa chegada a Compostela. A escola ten unha filosofía baseada na relación entre alumnado e profesorado, e na integración do centro na vida dos barrios de Compostela.

Toda a información sobre as aulas individuais e colectivas pode atoparse na web de aCentral Folque folque.com

O Concello convoca 21 novas prazas

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar o anuncio de convocatoria para a provisión de varias prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2015, 2016 e 2017. En total son vinte e unha novas prazas, das cales deza-seis son de quenda libre e cinco de promoción interna.

Así, convócanse sete prazas de bombeiro-condutor, sete de administrativo, unha de arquitecto, outra praza de auxiliar de clínica da plantilla de persoal laboral fixo e cinco prazas de sarxento do servizo de extinción de Incendios, neste caso, na quenda de promoción interna.

O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais tras a publica-



A Concelleira de Economía e Facenda, María Rozas

ción do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Estas prazas veñen a sumarse ás 6 de Policía Local que convocaron e cuxas probas deron comezo a semana pasada. Outras convocatorias realizadas ou en marcha para elaboración de listas de agarda e nomeamento posterior

de funcionario/a interina son as de delineante, arquitecto/a, técnico/a de deportes, dous axentes de emprego, pedagoga/o, traballadores/as sociais, técnicos/as informáticos, auxiliares administrativos, técnico/a de inspección tributaria e recadación.

O CERSIA acolle o vindeiro 11 de outubro o III Foro de Economía Social

Por terceiro ano consecutivo, e, como apoio e complemento aos Batidos Sinérxicos coa Economía Social que comezaron o pasado mes de xullo, o CERSIA acollerá o vindeiro 11 de outubro o III Foro de Economía Social do Concello de Santiago.

Estas xornadas buscan crear espazos de encontro e diálogo que permitan afianzar o desenvolvemento dunha economía que pon ás persoas e o seu traballo no centro do desenvolvemento económico e social". Nesta edición queren dar resposta a dúas cuestións fundamentais: como axudar á economía social a transformar Compostela nunha cidade máis sustentable e solidaria e de que xeito se pode colaborar con esta transformación de xeito individual e colectivo.

O III Foro de Economía Social forma parte do programa "Compostela Móvese con S de Social 2018" que ten un orzamento de 80.000 euros. O pro-

grama inclúe ademais desenvolvemento de diferentes actividades de promoción do sector da economía social que se concreten con este colectivo ao longo dos Batidos Sinérxicos de Economía Social. Supón a continuidade dos traballos en materia de economía social iniciados no ano 2016.

No Foro participarán María Loureiro, catedrática no Departamento de Fundamentos de Análise Económica da USC, Marta García, profesora titular de dereito administrativo na Universidade da Coruña, Alba Nogueira é profesora titular de dereito administrativo na Universidade de Santiago de Compostela e investigadora principal do Armela, Celso Gándara, presidente da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado de Galicia- Espazo-Coop, Mercedes Vázquez, doutorada pola USC e investigadora na USC e no CSIC e Iago Lestegás, Arquitecto e Doutor en rexeneración urbana e desenvolvemento económico.

Aberto o prazo para inscribirse na actividade "Redescubrir o rural"

O Concello pon en marcha unha nova actividade dos orzamentos participativos de Mocidade, desta volta da man de All The Fat e 7H Cooperativa Cultural.

Re/Descubrir o Rural está dirixido a estudantes ou empadroados en Santiago con idades comprendidas entre os 16 aos 35 anos. A programación terá lugar nos centros socioculturais de Sar, A Rocha e O Romáño durante a segunda quincena de outubro ao longo de tres fases.

A primeira será de introdución ao Land Art e de conceptualización da creación artística e desenvolverase o martes 16 e mércores 17 de 16.30 a 18.30 h no C.C. de

Sar, o xoves 18 de 16.30 a 20.30 h no C.C. da Rocha e o martes 23 e xoves 25 de 18.30 a 20.30 h no Romáño.

A segunda fase consistirá en roteiros de creación artística no rural a fin de semana do 20 e 21. Está previsto o roteiro de Brañas de Sar, o do Banquete de Conxo e o do río Sarela, recentemente acondicionados para o goce da veciñanza.

A última fase é xa o laboratorio de creación artística, cunha sesión no C.C. de Sar o sábado 27 de 10 a 15h. e no Romáño o domingo 28 de 10 a 13 h.

A inscrición está aberta ata o 12 en dptoxuventude@santiagodecompostela.gal

Plan Municipal
de Obras e Mantemento



Compostela
afaise a ti.

pmom.santiagodecompostela.gal



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoa Antón Pérez-Lema

Un ano de reacción unionista

Moitas cousas mudaron no ano desenvolvido dende a consulta cidadá en Catalunya o 1-Ou do 2017. Mais nada se avanzou na resolución do problema político, que non é outro que lle dar unha canle á cidadanía catalá para que elixa o seu futuro.

Hai un ano, poucos días antes do 1-Ou, escribín que a consulta plebiscitaria do 1-Ou amosaría o confronto de dúas lexitimidades. E dicía tamén que o problema político catalán non se resolvía nin coa Garda Civil nin cos Tribunais. Porqué, malia esta evidencia, o Goberno do Estado, os partidos unionistas e máis o Deep State representado pola Coroa e presente nos altos estamentos xudiciais optaron pola ilegalidade e pola represión? Non todo é cuestión de votos.

Represión e case mil feridos. Felipe VI e o 155.

O Goberno Rajoy puido elixir outra opción para enfrontar o 1-Ou. Mesmo no marco do seu inmovilismo puido optar pola apertura dun diálogo pouco comprometido ou pola mera remisión aos Tribunais do ocorrido o 1-Ou, sen mandar aos corpos policiais estatais invadir as competencias dos Mossos de Esquadra e ferir case mil cidadáns. As imaxes que deron a volta ao mundo degradaron moitos chanzos a consideración internacional do Estado.

Malia esta evidente deterioración e cando o PSOE ía pedirlle responsabilidades parlamentarias á vicepresidenta Sainz de Santamaría pola violencia gobernamental desenvolvida, o xefe de Estado sinalou co seu desaquelado discurso do 3-Ou o comezo da reacción. Despois da violencia da manifestación unionista do 8-Ou a declaración formal de soberanía do 27-Ou- foi seguida por un auténtico golpe institucional español supostamente baseado no 155 da Constitución estatal. Unha norma adoptada dende o Dereito Constitucional alemán que lle outorgaba ao Senado competencias para limitar sectorialmente a autonomía (vgr. asumindo provisionalmente as funcións de seguridade cidadá...), mais nunca lle outorgaba a capacidade de supresión do autogoberno, cesando ao Presidente e ao Goberno ou disolvendo o Parlament, como de feito levou adiante o Goberno de Rajoy co voto habilitante no Senado

do PP, PSOE e C's.

Das resultas deste golpe institucional ficou anulada a autonomía das nacionalidades e rexións que recoñece o artigo 2 da Constitución, supeditada en diante á interpretación unilateral dunha maioría absoluta do Senado, deslexitimada polo principio maioritario e provincial da súa elección e pola súa falla de conexión coa vontade das nacións e territorios do Estado, que haberían ser, nun sistema federal plurinacional, os electores da Cámara devandita.

O Tribunal Supremo e a Audiencia Nacional aplican o Dereito Penal do inimigo

Mais se o golpe do 155 tronzou o Dereito Constitucional que até entón rexía o Estado español, as actuacións dos Tribunais penais que interviñeron dende o 20-S do 2017 violaron de xeito gravísimo o ordenamento xurídico preexistente. Principiou a maxistrada Carmen Lamela, da antixurídica, desaquelada e disfuncional "Audiencia Nacional"(AN) ao se atribuír a competencia para xulgar ao Comisario Josep Lluís Traperó, á Intendente Teresa Laplana e aos entón presidentes da ANC e de Omnium Cultural, Jordi Sánchez e Jordi Cuixart, contra a xurisprudencia consolidada da propia AN que recoñecía a súa falla de competencia a respecto do delito de sedición. A nidia vulneración da competencia do Tribunal foi confirmada pola Sala de Apelacións da AN. Canto á causa na Sala do Penal do Tribunal Supremo (TS), o maxistrado-relator Larena incorriu na mesma ilegalidade, descoñecendo a competencia do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya (TSJC) nunha causa seguida contra consellers do Goberno, a Presidenta e outros membros da Mesa do Parlament. Deste xeito non só querían xogar na casa, en Madrid, senón evitar a dupla instancia, o dereito dos investigados a un eventual recurso de apelación contra da sentenza decidida na primeira instancia. Un dereito recoñecido universalmente para todos os europeos na Convención Europea de Dereitos Fundamentais (CEDH).

Ás devanditas vulneracións da Constitución, do Estatut de Autonomía de Catalunya e das Leis Orgánicas do Poder xudicial (LOPx) e de Axuizamento Cri-

minal (LACRIM) cómpre engadir as evidentes vulneracións do Código Penal (CP) e do artigo 520 LACRIM (que regula o cárcere preventivo como medida cautelar moi excepcional, só aplicábel para delitos moi graves que aquí non se dan). Vulneracións cometidas polos Maxistrados Larena e Lamela e sancionadas por vía de recurso por cadanseus Tribunais de Apelación na AN e no TS. Inventáronse delitos de rebelión e sedición ausentes do CP, pois que o artigo 472 CP só define a rebelión a partir da existencia dun alzamento violento e a sedición require tamén dun compoñente violento ou intimidatorio. A esta conclusión chegou calquera observador europeo imparcial: cando detiveron Puigdemont no Schleswig-Holstein a propia opinión publicada unionista recoñecía que o Código Penal alemán (BGB) era moi semellante ao español na definición destes delitos, alí chamados de alta traición (artigos 81 e ss.). Mais a traición require sempre violencia (force, en inglés) ou intimidación ("threat of force", tamén en inglés). Velaí a razón pola que o Tribunal Superior de Schleswig-Holstein afundiou un chisco máis o moi reducido creto do TS e da AN pola Europa adiante, ao rexeitaren sen dúbida ningunha a extradición de Puigdemont pola evidente falla de violencia ou intimidación na súa conduta.

Como pode ser posíbel que o TS e AN enfronten este desprestixio internacional e inventen desta maneira o Dereito Penal aplicábel? Porque boa parte dos membros destes órganos xurisdiccionais, que chegaron aos mesmos pola peneira da súa relación co PP ou co PSOE, asume o mesmo relato do Goberno do Estado, dos partidos do tripartito do 155 e dos medios que repenican os seus argumentos. Diante dunha suposta e indeterminada ameaza constitucional aplican a teoría decisionista de Carl Schmitt: o Estado é soberano e non ten límites para salvar a Constitución, mesmo pode decidir a violación de regras concretas da mesma. No decisionismo schmittiano, aplicado á Catalunya do outono de 2017, colle todo. Tamén a aplicación dun 155 inconstitucional ou dun Dereito Penal do Inimigo que vulnera o CP e os dereitos fundamentais da Constitución.

Convén aquí anotar, como dí Suso de Toro, que non existiu fóra de Catalunya e, en menor medida, en Euskadi, Nafarroa, Galicia, País Valencià e les

Illes unha resposta de oposición por parte das forzas progresistas, o que fixo medrar exponencialmente a seguridade do tripartito do 155 na súa resposta. Para máis, o factor do apoio da Coroa ensablou na mesma coalición ese tripartito, os que mandan no Deep State e os sectores máis populares do "a por ellos". A cuestión catalá serve para agachar os gravísimos problemas sociais que sofren grande parte das crases medias e traballadoras españolas.

Presos e exiliados.

A cidadanía catalá ou, polo menos, esa maioría superior ao 70% que integra aos soberanistas e ás persoas que rexeitan o cárcere para os presos políticos tivo que convivir coa absoluta anormalidade de asumir que todas as persoas do Goberno do 1-Ou foron presas ou se manteñen exiliadas, canda a presidenta do Parlament, a antiga voceira da CUP ou a secretaria xeral de ERC. Para catro xeracións do pobo catalán é a primeira vez que cómpre asumiren a existencia no seu seo de presos e exiliados políticos. Semella que amplos sectores do soberanismo teñen asumido con normalidade que o exemplo destas persoas e, sobre todo, a súa opinión ante o futuro é importante e mesmo case decisiva.

Os presos e exiliados políticos constituíron tamén o principal referente que lle permitiu ao relato soberanista alargar a súa base social e entrar en sectores progresistas até entón pouco simpatizantes da independencia, mais si moi solidarios coas vulneracións de dereitos fundamentais sufridas por estes colectivos e, en menor grao, por centos de cataláns.

Os avances e os perigos.

A situación deste 1-Ou non é mellor, dende logo, ca a do ano pasado. Mais non sería certo cualificar sen máis os feitos de outubro de 2017 como unha derrota e moito menos como unha derrota definitiva. Existen varios factores que cualifican a resiliencia do soberanismo e fan apuntar avances:

i.O rechamante éxito electoral do 21-D último, retendo as forzas soberanistas a maioría absoluta parlamentaria e retendo a porcentaxe relativa de apoios, próxima ao 48% dos votos.

ii.A formación de Goberno malia todas as vulneracións de Dereito Parlamentario do maxistrado Larena e



Continúa na páxina seguinte...

Abusos do centralismo español

A perspectiva de País é a visión transversal que permite a diagnose e busca de solucións dos principais problemas sociais e económicos galegos. Nós sofrimos un problema común ao resto do Estado de enerxía cara por mor dunha estrutura tarifaria que mira polos intereses das grandes distribuidoras no canto dos propios dos consumidores e empresas usuarias. Mais este problema agrávase substancialmente na Galicia, porque somos un país produtor, que sofre no seu ambiente as resultas da produción eléctrica.

Exportamos case o 40% da produ-

ción, sen que poidamos usar deste excedente como ferramenta para atraer investimentos industriais. Para máis, este ano os consumidores galegos haberán aboar 38 M€ (uns 14 €/persoa) adicionais mentres os consumidores madrileños só aboarán 2 M€ (arredor de 0,3 €/persoa) como compensación polo canon ambiental autonómico. Ou sexa que rematamos por pagar máis os galegos, porque a tarifa penaliza aos territorios produtores e á industria e beneficia aos territorios consumidores.

A AP9 e as súas subsidiarias a Baiona e Carballo vertebran a área

onde vive o 70% da nosa poboación. Unha poboación que carece dunha alternativa de balde minimamente practicábel, sen que moita dela tampouco atope no eixo atlántico ferroviario unha alternativa. Isto non lle pasa aos castelans ou andaluces, que disfrutan de conexións por autovía gratuíta entre cadansúas capitais.

Núñez Feijóo é parte do problema, como nos recortes sanitarios e educativos. Pactou co goberno de Rajoy o desactivamento da solicitude de transferencia da AP9 e, no exercicio do peor dependentismo, considera lóxico que Galicia lle pague grande parte da factura eléctrica a Madrid, mancando deste xeito as súas posibilidades de crear emprego industrial e mesmo

pondo grande parte deste en risco grave. Logo a solución virá, se ven, da oposición.

No caso da AP-9 semella que hai unidade na diagnose e solución por parte do BNG, En Marea e PSdeG. Mais na cuestión do prezo da electricidade o PSdeG partilla en liñas xerais a visión dependentista do PP. Pola súa banda, En Marea sostén un discurso coherente de protección ao consumidor, moi susceptible de arrefecer o discurso tamén coherente de perspectiva de País que sempre defendeu o BNG. Urxe que ambas as dúas forzas acaden un consenso na diagnose e solución do problema, dende a dupla perspectiva de País e de consumidor.

Por Manso Preto. Director de medio dixital

Confesso que não sei o que se passa comigo!

Há uns anos atrás, alguns políticos sempre me divertiam imenso e alimentavam a minha ironia, achava-os patuscos, ficava enternecido a vê-los com o mesmo entusiasmo e ingenuidade de uma criança que ri com a curiosidade das tropelias de um pequeno cachorro que mal dá os seus primeiros passos, ora ziguezagando ora caindo desamparadamente para o lado como se ébrio estivesse.

Hoje, essa classe merece o meu des-

dém, a indiferença e desconfiança que se nutre quando entramos numa loja de chineses e esperamos encontrar algo com um mínimo de durabilidade e qualidade ...

Por isso continuo curioso, mas nada resignado, como é que num país que alcançou um nada invejável 'palmarés' de corrupção, compadrio e pulhice política a patamares de hierarquia nunca tão elevados, tantos cidadãos ainda percam tempo a discutir, analisar, fazer futurologia, reprovar ou adolar as façanhas e

as estratégias dos governantes!

Terá esse povo uma fé que não a minha? Confidentes ou fontes que eu não tenho? Poderes de cartomante de que tardiamente se deu conta? Será gente que em lugares recônditos ou reuniões secretas ouvem os 'sábios' manipuladores de comunicação que a soldo se 'pavoneiam' como comentaristas políticos?

E até desculpabilizam a arrogância, crêem fervorosamente nas promessas de alguns e sorriem com bonomia quando se aproximam eleições e os governantes anunciam descidas de impostos, benesses aos emigrantes que queiram regressar e o que mais por aí virá...

Por outro lado, terão os políticos a

mais acesa esperança de que, nos tascos, nos cafés, nas 'matinés' e 'soirées' dançantes ou nos intervalos de um qualquer espectáculo, nos comícios, no facebook, nos blogues, em geral esse palavreado faz sentido ou resulta? Ou que por se desviarem com um sorriso matreiro às perguntas incômodas dos jornalistas tem efeito?

Ou que o povo acredita que ... o voto realmente conta?

O progressivo aumento de abstencionismo nos sufrágios eleitorais responde a tudo isso e muito mais...



...Ven da páxina anterior.

máis a formulación dunha resposta unitaria que mantén a cualidade parlamentaria dos presos e exiliados que quere cesar Llarena.

iii.O avance perceptíbel cara outros sectores da sociedade catalá que non acreditaban hai un ano no pulo do procés, mais que agora son solidarios do mesmo en canto ao discurso dos dereitos fundamentais e mesmo na paseniña concepción dunha República catalá como marco futuro de convivencia, fronte a actual democracia monárquica de baixa calidade que vivimos no Estado español. O que pode seducir a sectores maioritarios de Ca-

talunya en Comú. Cómpre constatar como esta formación política defende agora os dereitos dos parlamentarios presos ou exiliados, fronte ás esixencias liquidacionistas de Llarena.

iv.O progreso na internacionalización do conflito (Flandres, Alemaña, Suíza, Canadá, Eslovenia, repúblicas bálticas, Irlanda, Escocia), a meirande comprensión de sectores cada vez máis amplos das sociedades das Illes, do País Valencià, da Catalunya Nord ou L'Alguer e de Euskadi, Nafarroa e Galicia, así como o paseniño desescalamiento do conflito que semellan defender agora sectores varios das forzas

progresistas españois.

v.A limitadísima oportunidade dun Goberno do Estado que depende polo de agora dunha maioría parlamentaria anti 155.

vi.A posibilidade, polo de agora bastante lonxana (pero menos ca no 2017) dunha iniciativa de mediación europea cara un referéndum pactado que evite unha situación continuada de inestabilidade en Catalunya e, en xeral, en todo o Estado español.

Fronte estes avances cómpre salientar dous riscos esenciais: priorizar unha declaración unilateral da que refuga a comunidade internacional e

para a que non se conta con apoio social abondo e máis o recorrente risco de división do soberanismo, que ha priorizar o seu carácter de movemento cidadán fronte ás leas partidarias.

Conclusión

Volta ao comezo. Había un problema político e a cegueira política e o golpe institucional do "mainstream" español multiplicárono. A Coroa, os de "a por ellos" e os axentes económicos que mandan no Deep State impiden o dereito a decidir e queren anular o dereito dos cataláns (e o de todos nós) á súa diferenza e a gobernar o seu futuro.

Opinión

Por Carlos Méixome

Estamos tolos ou que?

Tras o título, as persoas lectoras seguro que rememoran a Obélix, cos seus xigantes calzóns branquiáuzis, unha das súas manzazas acarriando o queixelo, rostro de incredulidade, bisbándolle ao seu pequeno compañeiro, Astérix: Están tolos estes romanos!!!. Mentres se achegan, en caótica formación, os restos das escangalladas lexións xulianas.

Con indolencia baixa o mazo que ten por man e guíndalle uns desgarrados sopapos, de abaixo a arriba, á vangarda das tropas maltreitas. Un por un daqueles “milites” que conquistaban o mundo encetan unha viaxe interestelar na que segundo ascenden van deixando as “caligae” das que xa se desprenderon as chatolas; para babor esparéxense as diversas

“lorica”; por estribor dispérsanse o “scutum”, o “pilum” e o “gladius”.

Sempre me chamou a atención a fortaleza material de Obélix, procedente da sopiña que lle preparaba o druída; ben, xa sei, máis ben da súa inmersión, arremedando a Aquiles, na marmita. A protectora nai do Pelida non lle somerxeu o calcañar e despois pasou o que pasou. A inmortalidade estragada polo amor materno era concesión do capricho divino, como a forza sen par de Heracles ou as demais habilidades dos moitos heroes gregos. Pola contra Astérix e Obélix, como Popeie, apañaban o seu vigor da natureza; non do espírito. A este último resultáballe ben doado, ao fin e ao cabo só tiña que bater en ananos amarelos; pola contra os nosos soses-

gados galos facíanlle despreocupada fronte ás lexións invictas que, na verdade, so eran trementes vimbios vestidos e armados con galanura.

Noutra aldea da mesma parentela, aínda que un chisco afastada, chantada pola banda onde morre o sol e se acaba o mundo, o incrédulo signo interrogador transformase en profunda e introspectiva pregunta: Estamos tolos ou que?

Sempre na angustia, na indecisión, no subir ou baixar ou no nin subir nin baixar, no permanente equilibrio inestable, no funambulismo de xogo infantil, no obsesivo ollar para o marco, na delirante reconstrución dos valados, na infinita inseguridade de non perder o que tes. Sempre entre a fantasmal esquizofrenia na procura de gabanzas foráneas e a mirada avesa ao que veña extramuros; sempre entre afirmar o que non es e ser o

que non dis.

Ao lonxe albísanse batallas electorais. Máis non hai Obélix, nin marmita, nin can que lle lade. As tribos miran para cadanseu marco, para o seu valado. Uns, con fachenda, virtude excedentaria nas terras occidentais por onde dorme a estrela grande, afirman que eles son quen de facelo e que cantos menos mellor, así poñémonos máis rápido de acordo. Outros gábanse a si mesmos de que queren xuntar forzas, pero andan a couces nas canelas por se alguén lle estraga o sementado. Ao lonxe as tropas imperiais avanza convencidas e distendidas.

E seguirán tolos estes galaicos?

PS. Desculpen as persoas lectoras o ton de rexouba pero non é máis que rir por non chorar.



Por Jesús Témez Fernández

E se fôsemos un país serio

Este verán deixounos unas cantas perlas que cando menos son dignas de apuntar.

Un: Un mantero de Lavapiés critica con fruición o racismo latente en España nun pregón festivo. Podemos apláudeo e secunda (curiosamente o arxentino Echenique, o máis activo no seu apoio).

Dous: Unha turista inglesa queixase de que hai demasiados españois nas

súas vacacións de Benidorm. Sí, non é un errata, repítolles: unha turista inglesa queixase de que hai demasiados españois en Benidorm (é o colmo!).

Tres: Bélxica se chotea día sí e día tamén da nosa democracia e do noso sistema convivencial.

Catro: Alemaña ri e cuestiona veladamente a nosa xustiza e garantías xurisdiccionais.

Cinco: Os separatistas supremacistas

como Torra insultan de forma veementemente ao conxunto da nación sen ningún tipo de pudor.

Ante toda esta avalancha de agravios, qué resposta institucional, mediática, política ou social artículase desde o establishment nacional??. O silencio cómplice, a aquiescencia dunha nación que está tan esgotada de preguntarse que é e cómo debe ser que quedou exhausta e fagocitada de tanto quintocolumnista inimigo. Ese medo para degfender públicamente a España fixo que a clase intelectual

máis activa no seu defensa haxa definitivamente claudicado de tal causa. Se a isto engadimos a inestimable axuda dos nosos “amigos seculares” europeos (no sentido máis irónico posible) que de forma moi xubilosa volven poñer en marcha a propaganda negroleendaria que tantos réditos deulles historicamente e máis recentemente coa crise da débeda. O réquiem está a un paso de



AGDSP rexeita a burda defensa dos sanitarios por Nuñez Feijoo

Ante as declaracións de sr. Feijoo de que comparecerá voluntariamente ante a Comisión Parlamentaria creada (a instancia dos tres grupos da oposición para analizar os recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público Galego coa presunta finalidade de defender aos profesionais sanitarios), desde a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, queremos denunciar:

1.- Que consideramos un exercicio

de cinismo político e unha burla ao colectivo sanitario, que o Presidente da Xunta eríxase en “defensor dos profesionais sanitarios”, dado que a súa política sanitaria desde que chegou o poder, estivo dirixida a reducir o gasto sanitario e favorecer ao sector privado, recortando os dereitos dos mesmos.

2.- Entre as medidas adoptadas polo seu Goberno, en este sentido, cabría destacar os recortes de persoal, obri-

gando aos profesionais a xubilarse contra a súa vontade aos 65 anos (sen repórter as vacantes producidas); reducións salariais do 15-20%; a supresión de días de vacacións; recortes nas prestacións económicas por enfermidade (incluso nas intervencións cirúrxicas); precariedade laboral con máis da metade das plantillas en situación de provisionalidade; contratos lixo por horas ou días; ausencia de substitucións por vacacións ou enfermidade con repercusión en consultas masificadas en Atención Primaria; etc.

3.- O sr Feijoo non pode defender a uns profesionais aos que maltrata, senón que éstos deben defenderse das súas políticas. As protestas de todos

os sindicatos, colexios de médicos, organizacións profesionais e colectivos, serven de exemplo para esta afirmación. Non se pode tomar o pelo a todo o mundo....todo o tempo!

4.- Consideramos que a creación desta Comisión, aceptada a regañadentes pola Xunta é unha gran oportunidade para analizar e difundir as políticas de recortes, privatizacións e desmantelamento do Sistema Sanitario Público en Galicia e para propoñer medidas para a recuperación do Sistema gravemente afectado polas mesmas, en detrimento da saúde da poboación.

Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública

24 de setembro do 2018

Por Avelino J3come

Tempos de ouro e morte barata

INo Barrio da Madeira, onde locen as meretrices mellores, as dos encaixes bermellos coas cintas de ouro no sost3n, as damas do placer e da fame, emigrantes de s3 mesmas que recollen entre os peitos esculpido de marfil o pago do estraperlo e do sangue, dos enterrados na mina, dos afogados no Deza, billetes emporcallados pero abondosos, luxuria sen medida, salvaxe, case que animal, batallas entre corpos famentos nos leitos da derradeira esfollada do millo.

A derradeira para o de Brandomes que morreu na mina, tam3n para Tucho que o mataron os do tricornio e tiraron despo3s como un espantallo por o buraco da Mina.

Os que subiron aquela noite 3 a Madeira emborrach3ronse como se fora rematar o mundo, festa macabra e sexo de pago adiantado, para non lembrar que calquera de eles pod3a estar no fondo da mina enterrado como O Tucho.

A vida dos homes non vale moito en Fontao, vale moito menos que un quilo de mineral, 3 wolframio ch3manlle o ouro negro, un meigallo que blinda as maquinas da guerra contra os tiros inimigos, tam3n volve sementar mortos nas leiras, onde o ano pasado seituraban o pan de novo coa esperanza da paz agora sae como un contaxio, unha peste nova que enche o ar a refachos de cheiros de cad3ver, o sangue pide m3is sangue cando cai na terra, 3 unha semente que prende moi ben.

Non valen moito os presos, son despo3s da humanidade, son vivos por accidente para os ga3nadores, unha catterva de mixerentos que levan un marca na fronte co sinal "ninguen" gravado a lume, pero valen moito para os donos da Empresa, moitos eran mineiros antes da guerra e outros posuen co3ecementos para manexar a nova tecnol3xa que ven de fora; eso fainos menos desprezables, un pouco de humanidade entre tanta toleria ser3 o

seu pago!

Nas tabernas x3ntanse todos: os Gardas e os que rouban o mineral; os que o compran de preto, "Os de Martixe", ou os que o compran para embarcalo dende Vilagarc3a en Carril, "O Vieira" e "O Almalla", sempre coa carpeti3a de coiro cun bo faixo de billetes preparado agardando por as pedras negras, al3 tam3n est3n os obreiros da mina que venden o que poden sacar escondido da Empresa, no dobre fondo dos zocos ou no burato de un bast3n, canto m3is os cachean m3is inventan: as mulleres nos peitos e nas bragas onde faga falla, para levar o po milagreiro.

Os homes, os que tiveron sorte onte na "boca" de Senin e toparon unha veta rin a gargalladas coas mellores candongas chegadas de todo o pa3s, moitas de Portugal, taberna e prost3bulo, fonda e mes3n, cortellos de madeira onde se baralla o veneno da Deusa fortuna.

V3i por os mineiros os que traballaban na Empresa que ti3a a conces3n, por os que dise3aron o poboado, tamen por os que fixeron as escolas e os hos-

pitais, por os taberneiros, e tamen como non por as vendedoras de praceres que chegaron de todas as partes da xeografia ib3rica.

V3i para todos os que viviron aquela miseria por mor de unha guerra inxusta como toda as guerras, v3i por aqueles aventureiros que chegaron a Fontao no Concello de Vila de Cruces en busca dos tesouros, ben da terra ou dos que esgarbaron nela, m3is de 6.000 almas que se xuntaron nun nucleo rural que so contaba con un par de centos, e o mudaron nunha voraxine nunca vista.

Por esas mulleres e homes que loitaron a reo, por aquela xenti3a que perdeu a vida, por os represaliados da guerra, tempos onde a vida dos homes non valia moito, e matar era barato, tamen quero que se o3a un berro contra as novas aventuras mineiras que andan a argallar agora os que mandan, os pobos precisan lembrar os seus erros pasados para non repetilos no presente.



Por Diogenes

Se bem me lembro...

Iniciamos hoje uma pequena coluna no vosso jornal que esperamos possa corresponder ao objectivo de aproximar os dois povos, portugueses e galego, sem deixar de ser um espaço de cr3tica objectiva e acerada.

Procuraremos acercar os dois pa3ses, tentar descobri-los e revel3-los, e procuraremos dar lugar e espaço 3 cr3tica que t3o arred3a anda dos nossos costumes. De facto somos povos pouco dados 3 cr3tica se bem que muito atreitos 3 m3 l3ngua, 3 maledic3ncia e ao bota abaixo.

N3o sabemos se o conseguiremos mas cremos que 3 poss3vel.

O t3tulo 3 uma c3ebre express3o de um grande escritor portug3s Vitorino Nem3sio, com que iniciava os seus programas de televis3o na d3cada de 70 em Portugal.

Aproveitando a sua provecta idade, a sua vast3ssima cultura e a sua prodigiosa mem3ria, o escritor analisava e criticava diversos aspectos da cultura portuguesa.

Permita-se-nos tomar para esta coluna este t3tulo t3o sugestivo e com o qual buscaremos "pegar" em v3rios aspectos da nossa vida de gente do norte de Portugal e da Galiza e pormos os leitores a pensar.

Nestes dias Salvaterra do Mi3o e Mon33o cumprem uma semana de celebraç3es da Eurocidade. N3o sabemos o que 3 uma Eurocidade. N3o sabemos para que serve. N3o sabemos que objectivos serve. Cremos que 3 um pretexto t3o s3 para os pol3ticos se encontrarem, comerem umas belas paparocas, aparecerem nos peri3dicos a fazer campanha eleitoral.

Claro que j3 deu frutos a Eurocidade. Em Mon33o construíram um banco redondo virado para o Minho numa rotunda. Monumento feio e desagrad3vel, revestido a pastilha de piscina que merece o inelut3vel destino das coisas pequenas – ser destruído por algu3m com dois dedos de testa num futuro que se quer pr3ximo.

Salvaterra do Mi3o n3o deu grande

import3ncia 3 Eurocidade e dedicou-lhe um monumento ainda mais feio e desagrad3vel, (felizmente mais pequeno e despercebido) revelador do mais interessante desprezo pela nova instituiç3o.

Mas ser3 este o destino da instituiç3o?

Podemos esperar um dia em que os serviços m3dicos das duas Vilas sirvam a populaç3o indistintamente? que as bibliotecas abram para todos os alunos e povos de um e outro lado? que os bombeiros cooperem profundamente? que se construa um arquivo comum relativo aos assuntos da raia do Minho/Mi3o? que as instituiç3es culturais, musicais, actuem livremente de um lado e de outro? que se crie uma única Associaç3o Comercial? que se procure criar um único territ3rio para os cidad3os (j3 que os pais para casar lhes n3o d3o consentimento)? afinal que um dia o Presidente da C3mara de Mon33o possa viver em Salvaterra?

Podemos esperar que os meninos de Salvaterra possam nadar nas piscinas de Mon33o sem pagar? que se

crie uma filarm3nica das duas Vilas? que se crie uma Assembleia de representantes das duas Vilas para discutir projectos conjuntos?

Podemos esperar?

Pode um Presidente da C3mara sem experi3ncia nem peso pol3tico ultrapassar a força centr3peta da Administraç3o Central? Pode o Alcaide ter força para tal ap3s quarenta anos de reg3ncia?

Se bem me lembro ...

Nunca foi necess3ria a Eurocidade para terem os dois povos boas relaç3es de amizade, boas relaç3es de com3rcio, boas relaç3es pol3ticas.

N3o alvitramos bom futuro 3 instituiç3o, mas oxal3 nos enganemos. 3 instituiç3o sem objecto, sem meios, sem dinheiro, um pouco como as geminaç3es de munic3pios de v3rios pa3ses membros que a CEE resolveu instituir e que s3 servem para umas passeatas dos pol3ticos e amigos.

Um pedido final: acabem com essa choldra da Eurocidade ou d3em-lhe utilidade para fora dos muros da casa onde se acha instalada.

Opinión

Por Nemesio Barxa

Fake news

Não parece novidade a de difundir notícias falsas para enganar ao inimigo, mas semelha que a irrupção de Trump na política elevou a retórica das falsas mentiras ou falsas verdades. Hoje num programa matutino da TV retrucavam-se dous contertulios se as noticias falsas saiam de Catalunya ou se saiam (tambem) da Moncloa. Assim de simple, sem evidenciar como as noticias falsas ou interpretações manipuladas sobre os temas de Catalunya aparecem todos os dias em qualquer media de comunicação do Reino.

Insistem, reiteram e aburrem com noticias do número de empresas ou sociedades cujos centros directivos saíam da Catalunya, sem explicar que o governo de Mariano Rajoy sacou uma lei para favorecer a aquelas entidades que instalaram sus orgaos de direção fora do país. Mas tampouco nos explicam porque no passado ano mais de 130 empresas deixaram Galiza por outros territorios do Estado; aquí ainda não declaramos a República. Nem porque Reporteros sin Fronteras considera este um ano negro para a liberdade de informação em Catalunya.

O mais curioso é a fixação que tem todo o centralismo contra os idiomas

propios dos diversos países, diferentes do castelhamo. Salta agora com as declarações do inefavel actor e politico, reciclado em Ciudadanos depois de periplos marinhoiros, Tony Cantó, respecto da desaparición do castelhamo como fala de uso común na Galiza. O político, penso que valenciano, afirmou que “es un hecho que el castellano ha desaparecido en Galicia”. A desinformação é um medio de intoxicação e de encerramento das pessoas que temem como único patrimonio lingüístico a exclusividade do castelhamo unido á intolerancia e ao menosprecio. A mantra da desaparición do castelhamo no uso normal nas nações periféricas com idioma propio repítese com certa periodicidade. Lembro que há mais de vinte anos um meu amigo sevilhano, antigo companheiro de universidade em Madrid e que exercia de jornalista num medio de Valladolid chamou-me para informarse de se em Galiza a lingua galega apenas deixava espazo

ao castelhamo: como meu amigo era consciente, desde nossos anos na Universidade, da minha afirmação de que a minha patria era meu idioma galego-português pensei que provavelmente seria mínimo o valor ou obxectividade que outorgase á minha opinião, polo que convideino a passar uns dias comigo para que comprovase



personalmente a falacia, ainda relacionándose com um sector de fala habitual galega.

Bom, pois agora o actor Tony Cantó, metido a político, quando todos os controis evidenciam a alarma por a perda de falantes, xa de por sim reducida e sobre todo ajudada pola laboira lingüicida do antigalego Sr Nuñez Feijoo, afirma sem amabagem que “es un hecho que el castellano ha desaparecido en Galicia”, com o que não só evidencia seu fanatismo castelhamo senão também sua incultura e o desconhecimento de uma realidade

inadmisivel e inexplicavel num político; que cras de políticos temos que este em concreto desconheze cual é o idioma de emprego predominante na Galiza? E também, que cras de governo temos que não é capaz de retrucar este mehez? Bom, vou-vos dizer que governo e que cras de políticos temos na Galiza, porque os parlamentarios do PP, partido que maioritariamente apoia ao governo que nos malgoverna na Galiza, votou a favor da proposta que no Congresso fizo o Cs para excluir na Administración autonómica galega o uso da lingua propia de Galiza, contando com o oarecer afirmativo dos políticos galegos votados polos galegos nas listas do PP, designadamente Ana Pastor, presidenta do Congreso, e os congresistas Miguel Lorenzo, Ana Vázquez, Miguel Viso, Pilar Rojo, Tomás Fole, Marta González, Joaquín García, Jaime Olano, Tristana Moralejo, Celso Delgado e Juan Juncal; oprobio para quem renuncia e despreza a lingua do seu povo. O do Sr. Cantó uma cagadinha á beira do voto do Sres. Deputados galegos do PP.

Quinta do Limoeiro, setembro do 2.018



Por Ramón Coira Luaces

O principal problema de Galiza

O principal problema de Galiza non é o espolio fiscal, nin a estafa das peaxes dunhas autoestradas pagadas e repagadas, nin a minería contaminante e destrutiva, nin a carencia dunha tarifa eléctrica propia en xusta compensación por sermos uns dos grandes produtores de enerxía eléctrica, nin tampouco o abandono do rural, nin a emigración da nosa mocidade por carecer de futuro na nosa terra, nin a marxinación do noso idioma propio e da nosa cultura, nin tampouco a degradación da ría de Pontevedra por parte de ENCE-ELNOSA (onde podería haber unha praia e uns postos de traballo sustentábeis, ligados á pesca, marisqueo e

turismo). O principal problema de Ga-



liza tampouco son os incendios nin a ruínosa política forestal da Xunta e a praga de eucaliptos, que os propician. Tampouco é a ruína de Sargadelos, ante a indiferenza das institucións

públicas. Non, non son eses, nin tampouco o paro nin o feito de termos as pensións e os salarios máis baixos do Estado. Nin os recortes en sanidade nin en educación. Por suposto que non. O principal problema de Galiza tampouco é o abandono do sector editorial, nin a ocultación ou desconecemento da nosa Historia, nin tampouco a represión en todas as súas facetas: lingüística e cultural, informativa, política, sindical,... Nada diso. O principal problema de Galicia -en palabras dun alto cargo do PP- era Resistencia Galega. Flipante. Pero, agora que parece inactiva, cal é o principal problema de Galiza? A nosa dependencia e sumisión a Madrid?



Gonzalo Caballero avisa a Feijóo de que “o seu cinismo político” vaise topar “cunha labazada de realismo” nas urnas

Cristina Narbona remarca a importancia da Axenda 2030 deseñada polo goberno de Pedro Sánchez

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, clausurou o pasado día 30 a Festa da Rosa da provincia de Pontevedra, e fíxoo poñendo en valor os avances acadados nos primeiros 100 días de goberno de Pedro Sánchez e deixando claro que tamén o progreso chegará á nosa comunidade. “O cinismo político do PP vaise topar cunha labazada de realismo”, afirmou. “Feijóo xa non ten credibilidade”, engadiu, e fixo fincapé en que “a imaxe de bo xestor que venderon de Feijóo non se verifica” cos seus feitos.

“Galicia necesita algo máis”, sostivo, antes de augurar que o PSOE será a primeira forza nas vindeiras eleccións municipais, e afirmou que “as enquisas non lle dan” ao PP e que Feijóo perdería a maioría absoluta se hoxe houberse elec-

cións autonómicas. E iso a pesar da “campana de acoso e derribo” emprendida pola dereita. “Séntanlle mal os avances”, ironizou, e por iso, perante a súa caída electoral, non dubidan en “utilizar gravacións ilegais, difamacións ou cuestións persoais sacadas de contexto”. “Se queren falar de cuestións persoais, Feijóo pode mirarse no espello das súas”, advertiu.

Fronte a ese xeito de actuar en política, Gonzalo Caballero destacou fitos como a recuperación da sanidade universal para reivindicar o “orgullo” dos gobernos socialistas. “Este partido ten forza, ten vida, ten ganas e non lle temos medo á dereita, nin no electoral nin ás súas difamacións”, recalcou.

Carmela Silva, presidenta da Deputación Provincial, amosouse contundente: “Que tremen Feijóo e Rueda, porque o

seu tempo estase acabando e Gonzalo Caballero vai ser a garantía do cambio que necesitamos en Galicia”, antes de recalcar que “temos o proxecto que necesita a xente”.

Tamén David Regades, o secretario provincial do PSOE de Pontevedra, apreciou que “Rueda e Feijóo andan nerviosos, todo o día insultando”, pero deixou claro que “non nos van asustar” senón que a resposta será “dicirlles como se fan as cousas”. “Sen corrupción, sen falla de transparencia, falando coa xente”, finalizou.

Pola súa banda, a vicesecretaria xeral do PSOE, Adriana Lastra, advertiu á dereita de que “a maioría social deste país está detrás deste goberno e deste partido e, cando cheguen as eleccións municipais, autonómicas e xerais, ides ser conscientes de canto dano estades a facer a este país”.

Axenda 2030

Por outra banda, durante unha comparecencia que tivera lugar días antes en compañía da presidenta do PSOE, Cristina



Narbona, e o presidente do PSdeG, Xoaquín Fernández Leiceaga, Gonzalo Caballero deixou claro tamén o seu rexeitamento ao “agravio comparativo” do que fala Feijóo para tentar “impedir que se fale dos avances” protagonizados polo goberno de Pedro Sánchez. “É unha estratexia de confusión coa que busca eximirse da súa responsabilidade no que ten feito Rajoy os últimos sete anos coa súa complicidade”, remarcou.

Pola súa banda, a presidenta do PSOE puxo o foco na importancia da Axenda 2030, que impulsa transformacións nos eidos social, económico, am-

biental e institucional no ámbito das Nacións Unidas; un asunto no que o goberno de Rajoy non ten deixado “prácticamente ningún avance” e co que está “absolutamente comprometido” o actual goberno de España.

Ten que ver, como explicou, de iniciar unha senda de rexeneración democrática e tamén de combater as “carencias” que existen no mundo. “Pobreza, fame, contaminación, desigualdade...”, enumerou Cristina Narbona, sen esquecerse de que moitos destes aspectos son competencia autonómica en España.

O ministro de Fomento falou do Ave para 2019

José Luis Ábalos, ministro de Fomento e secretario de organización do PSOE, estivo en Ourense o día 3 de setembro, logo de pasar por Vigo e de entrevistarse co presidente da Xunta, para celebrar unha xornada de convivencia con alcaldesas, alcaldes, concelleiros e militantes do PSdG-PSOE. O motivo foi falar dos cen días do Goberno socialista. Ábalos chegou acompañado do secretario xeral do PSdeG-PSOE, Gonzalo Caballero e do delegado do Goberno Javier Losada.

O acto, previsto para as 8 da tarde, comezou media hora máis tarde e interviron o presidente do PSdeG-PSOE e portavoz no Parlamento Galego, Xoaquín Fernández Leiceaga; a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega e a vicevoceira na Deputación, Elvira Lama, que falaram neste “encontro aberto á cidadanía” dos “100 días de goberno, razóns para confiar”.

O ministro, que chegou as 9,20 p.m. foi aclamado ao entrar no edificio Marcos Valcarcel, da Deputación de Ourense. Gonzalo Caballero referiuse aos

ataques da dereita “por terra, mar e aire” aseverando que contra a difamación da dereita o PSOE traballa en positivo e os resultados veranse nas próximas eleccións municipais de maio de 2019.

Ábalos dixo que no seu encontro co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ratificou os compromisos do Goberno coas de infraestruturas galegas pendentes analizados en xullo entre o presidente galego e Pedro Sánchez, nunha reunión na Moncloa.

O ministro explicou que os prazos de conexión previstos



Intervención de Gonzalo Caballero en Ourense.

en Galicia mediante o tren de alta velocidade coa meseta reduciranse case unha hora coas principais cidades galegas xa en 2019 debido á entrada en servizo do Zamora-Pedralba de la Pradería (Zamora) duns

100 quilómetros, unha redución que será dunhas dúas horas no ano 2020 unha vez entre en servizo todo o traxecto e pónase tamén en funcionamento o novo material rodante.

Medio Rural dedicará 21 hectáreas a pasteiros en Sober

O conselleiro do Medio Rural, José González, destacou a importancia dos proxectos de mobilización de terras agrarias impulsados pola Xunta en diferentes puntos de Galicia como factores de “dinamización social e económica do noso agro” e tamén pola súa decisiva contribución á prevención e loita contra os incendios forestais.

O titular de Medio Rural, acompañado polo director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois, presentou en Sober unha destas iniciativas, que perseguen, dixo, “loitar contra o abandono e, consecuentemente, fixar poboación no rural, que é un dos grandes obxectivos do Goberno galego”.

O conselleiro explicou que nesta localidade do sur de Lugo vanse poñer en valor 21 hectáreas de terreo para o

seu aproveitamento como pasteiros. Son, en total, 135 parcelas que pertencen a 86 propietarios, polo que sinalou que “estamos diante dunha iniciativa de calado para este concello”.

José González enmarcou esta actuación nos diferentes proxectos de mobilidade de terras que impulsa Medio Rural, para a recuperación e posta en uso de terras abandonadas. Unha liña de traballo na que, indicou, “imos investir 2,7 millóns de euros en toda Galicia”.

Iniciativas

O responsable da consellería lembrou que –ademais deste de Sober– xa están en marcha iniciativas no Courel, Ancares e Val de Lemos, na provincia de Lugo, así como en Cualedro, Oímbra e Arnoia, na de Ourense. En fase de proxecto ou previstos hai outros proxectos en Vilalba, Quiroga, O Barco



José González, destacou a importancia dos proxectos de mobilización de terras agrarias.

de Valdeorras, o Baixo Miño ou A Cañiza, que atinxen “desde as oliveiras ata a horta e flor, pasando polos castiñeiros ou os cereais”, remarcou.

Neste tipo de actuacións, aclarou o conselleiro, “o Banco

de Terras actúa como instrumento de identificación de áreas de gran aptitude agraria e elevado grao de abandono, de elemento para a concentración da oferta a través da dinamización das persoas ti-

tulares dos terreos e de posta en contacto e arbitrase entre titulares e axentes, tales como cooperativas ou empresas agrarias, interesados en promover proxectos produtivos agrarios de gran envergadura”.

Sober solicita a creación dunha marca de calidade que promocióne a súa rosca

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, reuniuse en San Caetano co alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián. Na xuntanza, o rexedor trasladoulle a súa intención de solicitar unha marca de calidade para promocionar a rosca de Sober, produto gastronómico artesanal que conta cunha gran sona en toda a rexión.

A conselleira comprometeuse a estudar esta solicitude, pois se algo caracteriza á nosa comunidade é precisamente os seus produtos agroalimentarios de calidade. Valorou o interese do rexedor por protexer e poñer en valor este produto característico da súa zona, pois redundará en be-

neficio dos seus veciños e en dar a coñecer este concello do sur da provincia de Lugo. Precisamente, este ano celebrouse a XXIII edición da Feira da Rosca, onde tamén estiveron presentes outros produtos da zona como mel, queixos ou castañas, e se celebrou o II túnel do viño de Amandi, cunha moi boa acollida entre os asistentes.

Viñedo experimental

O Concello pediu colaboración ao departamento que dirixe Ángeles Vázquez para poñer en valor un viñedo experimental ubicado nunha parcela municipal a través da denominación de orixe Ribeira Sacra e da propia Estación de Viticultura e Enoloxía de Ga-

licia (Evega). O Concello de Sober é eminentemente vitícola e conta a día de hoxe con 40 adegas amparadas pola DO Ribeira Sacra, estando en marcha novos proxectos de adegas e ampliación das existentes.

Prevención de lumes

Así mesmo, a conselleira tomou nota da solicitude do alcalde para reforzar a colaboración en materia de prevención de lumes forestais. Neste senso, o rexedor solicitoulle á consellería asesoramento para a elaboración dun plan de defensa de incendios forestais, que están elaborando actualmente. A conselleira indicoulle ao dirixente municipal que o seu departamento co-



Luís Fernández Guitián e Ángeles Vázquez.

laboraría dentro das súas posibilidades e animouno tamén a que se adhira ao novo convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que ten como obxectivo a xestión da biomasa nas faixas secundarias para minimizar o risco de propagación de incendios forestais.

Ángeles Vázquez felicitou tamén ao alcalde polas actuacións que están poñendo en marcha no seu municipio, pois ademais deste plan de prevención están tamén a levar a cabo unha iniciativa pioneira de reforestación con árbores autóctonas naquelas parcelas abandonadas.

Promoción internacional de “Auga de Galicia” en Termatalia Brasil

O Clúster da auga Mineral e Termal de Galicia promocionou os balnearios e ás augas envasadas de Galicia dando a coñecer o turismo termal de Galicia desde as perspectivas mineira, sanitaria e turística.

O Clúster da auga Mineral e Termal de Galicia participou en Termatalia Brasil promocionando internacionalmente a marca “Auga de Galicia” a través dunha gran caseta que incluía un Bar de Augas, unha exposición dos balnearios de Galicia, unha sala na que se realizou a Cata Internacional de Auga e impartíronse os Cursos de Hidrosumiller e tamén un espazo para a proxección de documentais elaborados pola Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela baseados nos

recursos termais de Galicia.

A promoción de “Auga de Galicia” (marca que inclúe a promoción tanto das termas como das augas envasadas) desde as perspectivas mineira, sanitaria e turística, contribuíu a posicionar a Galicia como comunidade líder no termalismo en España. O Clúster da auga Mineral e Termal de Galicia é unha experiencia asociativa orixinal e pioneira en Europa, xa que non existe ningún clúster que aglutine aos balnearios e as empresas de augas envasadas. Tal e como indicou o xerente do Clúster, Benigno Amor, “con esta participación mostramos as nosas termas e augas envasadas baixo o paraugas da marca “Auga de Galicia”, fomentamos a cooperación entre empresas de Galicia e de América Latina e



Á inauguración da feria asistiu o ministro de Turismo do Brasil, Vinicius Lummertz, no centro da foto.

compartimos os nosos coñecementos na aplicación das novas tecnoloxías á valoración e protección dos acuíferos das augas minerais”. Termatalia Brasil brindou ao Clúster a oportunidade de explicar á comunidade internacional “nosa experiencia neste marabilloso proxecto colaborativo vinculado ás augas minerais de Galicia e que suscitou gran interese xa que é trasladable a calquera territorio que conte con ese prezado recurso”, explica o xerente do Clúster.

A participación do Clúster

en Termatalia Brasil contou co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGA-PE); da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través da liña “Galicia Exporta Organismos Intermedios”. Con esta mesma liña de axudas, participou ademais nesta feira internacional a Asociación Galega de Turismo Rural, AGATUR. Tamén co apoio destas entidades, pero a través da liña “Galicia Exporta Empresas”, participaron varias empresas galegas especializadas en tu-

rismo de saúde desde distintos ámbitos como Autoxiro, Lissardo Dorribo, Gala Termal e Peloides Termais.

Galicia é unha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais e, en consecuencia, con maior tradición no seu uso como augas de bebida envasada e en balnearios (termas). Este feito, unido á repercusión social e económica que nas últimas décadas están a adquirir as augas minerais e termais deu lugar a que Galicia sexa coñecida como a “Terra da Auga”.



Stand da Xunta, Igape e Feder, en Brasil, das Augas de Galicia.



Galicia

Redacción OURENSE

Termatalia alcanza a maioría de idade en Brasil

Por Silvia Pardo

Termatalia Brasil, Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar, celebrou a 18ª edición reforzada como a gran cita internacional do turismo de saúde e benestar. Celebrada en Foz de Iguaçu esta cita convocou a máis de 2.500 profesionais procedentes de 34 países e contribuíu a incluír a esta cidade brasileira no mapa do termalismo mundial. Foron tres días de intensa actividade nas que o negocio, a capacitación profesional e o capital relacional volveron ser os eixos principais da feira.

A clausura oficial contou coa presenza de Marcos Stamm, director xeral brasileiro da Itaipu Binacional, a central hidroeléctrica que xera a maior cantidade de enerxía limpa do Planeta e responsable do 25% da electricidade consumida en Brasil e do 56% da de Paraguai. Estivo acompañado polo secretario de turismo de Foz do Iguaçu, Gilmar Piolla; polo concelleiro de Termalismo de Ourense, Jorge Pumar; pola deputada de Termalismo de Ourense, Ana Villarino; polo senador Francisco José Fernández e polo director xeral de Termatalia, Alejandro Rubín Carballo.

Cata de augas

Foron entregados os premios da 16ª Cata Internacional de Augas dirixida pola catadora galega Mercedes González. O

xurado estivo formado por expertos de España, Brasil, Arxentina e Francia. Os resultados desta cata, na que participaron 18 marcas de varios países, foron os seguintes: Auga de Mineralización moi débil sen gas: a premiada foi “Gond Wana” de Paraguai. Auga Mineral Natural sen gas de mineralización media: 1º premio: Cabreiroá (Galicia-España). 2º premio: Monchique (Portugal). 3º premio: Gravatal (Brasil). Auga mineral con gas natural: a premiada foi Campilho (Portugal). Auga mineral natural con gas engadido: 1º premio: Magma de Cabreiroá (Galicia-España). 2º premio: Levity (Brasil). Premio especial envase innovador: Sferrie (Brasil).

Candidaturas

Antes do acto oficial de clausura foron presentadas tres candidaturas para acoller a próxima edición de Termatalia en América que será en 2020, xa que en anos impares a feira celébrase sempre na súa sede orixinaria: a cidade de Ourense. Ecuador, Colombia e a provincia arxentina de Entre Ríos realizaron unha presentación dos seus recursos termais e das razóns polas que desexan converterse en sede de Termatalia. A sede elixida será comunicada na próxima edición da feira que terá lugar en Ourense en setembro de 2019.

A candidatura de Ecuador foi defendida polo representante do ministerio de Turismo, Pa-



tricio Miller, e polo presidente da Cámara Española de Comercio e Industria de Quito, Rafael Roldán. Fíxeronlle chegar á organización da feira a petición do ministro de Turismo do país, Enrique Ponce de León, para converterse en sede e destacaron o seu potencial termal con importantes áreas termais como Conca (Patrimonio da Humanidade), Baños de Auga Santa ou Chachimbiro e a súa orixe volcánico.

A candidatura da provincia arxentina de Entre Ríos foi presentada pola súa secretaria de turismo, Carolina Gaillard quen fixo un repaso por sobre cómo o termalismo cambio a vida desta provincia que concentra a maior cantidade de destinos termais de Arxentina con 13 localidades que conta con 16 complexos. Ademais, esta provincia promoveu a presentación no congreso dunha

iniciativa para crear unha lei que regule o uso terapéutico das augas termais. Parafraseando o lema promocional desta provincia, “Entre Ríos fai ben”, a secretaria de turismo quixo destacar que “Termatalia fai ben” a todos os axentes do sector creando redes de colaboración beneficiosas para todas as partes implicadas.

A última das candidaturas foi presentada por Ricardo Ramirez, Codirector do Plan de Negocios de Turismo de Benestar de Colombia quen indicou a aposta do novo goberno do país pola “Economía Laranxa” que apoia a creatividade e que inclúe tamén ao turismo. Reivindicou a amplitude e a oferta dos seus recursos termais e apelou a que son o segundo país con maior biodiversidade do mundo.

Actividades

Entre as distintas actividades

celebradas destacou o Encontro de Políticas Públicas de Termalismo no que participaron 40 representantes institucionais dunha ducia de países para poñer en común as distintas políticas levadas a cabo sobre a xestión de auga e dos recursos termais. Celebrouse o 1º Encontro Latinoamericano de Termalismo e Encontro Internacional de Cidades Termais no que participaron Ourense (España), Pontevedra (España), A Fortuna (Costa Rica), Santo Amaro da Imperatriz en Santa Catarina (Brasil) ou Itaipulandia (Brasil).

Tamén se presentaron as comunicacións científicas realizadas por investigadores de España, Brasil, Arxentina, Austria, Chile e Colombia. Estes traballos serán recolleitos na memoria anual da Sociedade Española de Hidrología Médica.

Asturiano peregrino

Olimpio Quiroga Rodríguez, asturiano de 64 anos, acaba de realizar por cuarta vez o Camiño a Santiago, nesta ocasión pola costa desde Lisboa.

Anteriormente, cando se prexubilou do sector da ban-

ca, saíra de Roncesvalles; ao ano seguinte desde Sevilla e en 2017 desde Irún. Sempre fixo o Camiño en solitario porque, asegura, vai ao seu ritmo aínda que asegura que o mellor do Camiño é a convivencia.



Olimpio fixo 650 quilómetros desde Lisboa a Santiago.

Espazo Lectura arranca en outubro a nova tempada

Coa chegada do mes de outubro Espazo Lectura comeza unha nova tempada de actividades de fomento do libro e da lectura en lingua galega. Esta tempada virá marcada polo incremento na oferta de actividades. Ademais dos clubs de lectura xa consolidados, vaise poñer en marcha un novo club onde leremos e comentaremos obras baixo un enfoque feminista. O club de lectura Daquelas que Len, nome co que Espazo Lectura quere homenaxear a Rosalía de Castro e ao seu coñecido poema «Daquelas que cantan...», virá ocupar un espazo moi demandado e agardado na asociación. Reunirase ao redor de seis sesións por tempada, sen periodicidade fixa, e a primeira sesión

será o 22 de outubro. O texto escollido para arrancar é Todos teríamos que ser feministas da autora nixeriana Chimamanda Ngozi Adichie, publicado en galego por Sushi Books.

Dende a primeira semana de outubro regresa a oferta habitual de Espazo Lectura:

O día 3 de outubro ás 18:00 horas inaugúrase a nova tempada de Os mércores da Casa da Lectura cunha sesión de animación para nenas e nenos a partir de 3 anos.

O 4 de outubro celebraremos, tamén na Casa da Lectura, a primeira xuntanza do club de lectura Sete Vidas de narrativa. A obra escollida para esta ocasión é Senlleiras de Antía Yañez (Editorial Galaxia). Contarase coa presenza

da autora.

Volve tamén o club de cómic Lecturas Debuxadas coa obra O corpo de Cristo, de Bea Lema, galardoada co XII Premio Castelao de Banda Deseñada outorgado pola Deputación da Coruña. O encontro do Lecturas Debuxadas será o 16 de outubro ás 20:00 horas na librería Libraida de Gondomar e as persoas asistentes poderán falar coa autora.

O club de lectura compartida Lendo Contigo reunirase na Casa da Lectura o día 27 ás 12:00 horas para falar do libro de Ánxela Loureiro Choiva de ras (Edicións Xerais). Contarase coa presenza da autora.

Ese mesmo día 27 de outubro, ás 20:00 horas, o Comando Le retomará os seus encontros.

A primeira sesión de Contos en Cueiros tamén terá lugar na Casa da Lectura o día 26 de outubro ás 18:00 horas (previa incrición).

Novo ciclo no cineclub Poleiro

O 4 de outubro o cineclub Poleiro abre un novo ciclo coa proxección de Custodia compartida, no auditorio de Goián ás 21:30 horas, un drama francés dirixido por Xavier Legrand, sobre a impotencia das vítimas de maltrato, León de Prata en Venecia 2017.

O ciclo continúa o xoves 8 de novembro con Get Out, Déixame sair, unha película estadounidense, un retrato do racismo en EE.UU disfrazado de cine de terror, dirixida por Jordan Peele.

O xoves, 3 de decembro chega The Square película sueca dirixida por Rubén Östlun. Trata sobre a publicidade que rodea unha instalación de arte, e as



reaccións que provoca. Ganou a Palma de Ouro en Cannes 2017, e o xoves 10 de xaneiro, En cuerpo y alma, comedia húngara, o sétimo traballo da directora Ildycó Enyedi. Unha inusual historia de amor nun lugar inusual, un matadoiro no que traballan os dous protagonistas.

O cineclub Poleiro conta co apoio da Concellería de Cultura do Concello de Tomiño e da Federación de Cineclubes de Galicia.

M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Compromiso por Galicia reforza a alianza para unha Europa dos Pobos no Alderdi Eguna

Este ano Compromiso por Galicia contou cun espazo propio dentro das tradicionais “txoznas” que as diversas agrupacións do EAJ-PNV ocupan na “kampa” de Foronda. Mais de 90.000 persoas acuden á festa do partido, incluíndo delegacións convidadas de todo o mundo: Angola, Chile, Estonia, México,...

O pulpeiro do Carballiño foi unha das atraccións gastronómicas do evento, xunto aos viños do ribeiro e albariños que regaron aos peementos de padrón e aos queixos de tetilla que o partido dos galeguistas serviu ao longo de todo día aos milleiros de persoas que pasaron polas súas instalacións. Neste sentido é a primeira vez na historia do Alderdi Eguna que un partido galego ocupa un posto de referencia dentro da organización do evento.

Piñeiro Docampo: “somos xa a día de hoxe a única forza política galeguista e europeísta que existe en Ga-



licia, nin o PP que abandonou calquer tinte galeguista, nin as Mareas co seu espírito eurófobo, representan o sentir da xente do País”

Para Compromiso por Galicia comezou unha etapa que é un desafío para o avance social e económico do noso País, non podemos depender dun pacto político unidireccional con Madrid, hoxe en día a soberanía é multinível, mais do 70% das leis que nos afectan no noso día a día son reguladas desde a UE. Neste sentido, nós so-

mos xa a día de hoxe a única forza política galeguista e europeísta que existe en Galicia, nin o PP que abandonou calquer tinte galeguista, nin as Mareas co seu espírito eurófobo, representan o sentir da xente do País. Compromiso por Galicia somos o partido mais moderno, mentres outros falan unicamente dos seus problemas internos e outros para non falar da súa mala xestión usan a pantasma de Cataluña, nós buscamos solucións reais para os problemas da xente.

O BNG esixe persoal docente para o colexio de Caldelas de Tui

A política de recortes de persoal educativo iniciada polo goberno Feijóo no ano 2010 lonxe de mitigarse, mantense con firmeza neste inicio de curso e contrasta coa propaganda da Xunta de que estamos nunha situación de recuperación económica. O colexio público de Caldelas de Tui é un símbolo dos recortes do Partido Popular, malia contar con 79 alumnos e so 9 profesores a Xunta de Galiza non tivo consideración nin de lles comu-

nicar ao centro de ensino a non substitución dunha das docentes que ven de xubilarse. Tivo que ser o colexio, cos seus propios medios o encargado de se coordinar facendo a unión das aulas troncais entre 1º e 2º de primaria os que suman un total de 18 alumnos dos cales, en 1º, hai 2 con necesidades especiais, e en 2º un alumno é hiperactivo, e outro ten altas capacidades.

Por se non fose dabondo, o alumnado de 3º e 5º de

primaria vese na obriga de estudar con material da anterior lei educativa (LOE) empregados durante 9 cursos, sendo solicitado perante á administración pública a mudanza de material, da que a día de hoxe aínda non obtiveron resposta.

O BNG ven de esixir ao goberno de Tui, no pleno, que inste á consellería de educación a atender estas demandas con celeridade para non prexudicar máis o inicio deste curso.

O alcalde de Tui reuniuse co presidente a Xunta de Galicia



O pasado 19 de setembro o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín reuniuse en Santiago co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para tratar diversos asuntos relacionados cos investimentos e obras no Concello de Tui ademais de repasar diversos temas de importancia para Tui, entre eles, a situación dos veciños afectados pola explosión de Paramos. Trataron nun primeiro momento das obras que xa se están licitadas no Concello de Tui como a rotonda de Guillarei, obra que xa está licitada e que debería comezar no primeiro trimestre de 2019, tamén faláron da rotonda de Areas na PO 552 unha obra que está previsto de licitarse no primeiro trimestre de 2019. Tamén nos primeiros seis meses do ano 2019 debería licitarse o aceso da autovía ao polígono de Areas, obra de gran importancia para as empresas situadas nese polígono comercial e no que xa comezou o proceso de expropiación, e que está contemplada nos orzamentos da Xunta para 2019. Tamén repasaron o estado das obras dos novos xulgados, no edificio do antigo centro de saúde.

O alcalde de Tui aproveitou a visita para realizar unha serie de peticións ao presidente da Xunta, entre elas, unha actuación de seguridade vial na PO 404 a altura da escola unitaria do colexio O Pelouro e a estación de ADIF, na parroquia de Caldelas para a que xa existe un proxecto. Aproveitaba tamén para falar

do futuro do centro interfederado de Remo e Piragüismo co fin darlle contido a esta instalación deportiva, unhas instalacións recoñecidas polo Consello Superior de Deportes como centro especializado en tecnificación deportiva de remo e piragüismo. A idea é xerar un fluxo turístico ó redor da utilización destas instalacións xa que traerían até a Tui a deportistas de elite destes dous deportes.

Na conversa, como non podía ser doutro xeito, falouse tamén de Paramos e da situación dos afectados, así o alcalde mostrou-se satisfeito en liñas xerais coa actuación da Xunta de Galicia e das distintas consellerías implicadas en relación ao asunto da atención psicolóxica dos afectados, o Presidente informou ao alcalde de que despois da avaliación realizada polo xefe de psiquiatría do Álvaro Cunqueiro son arredor de 25 as persoas que non foron aínda dadas de alta e que con carácter excepcional se algunha persoa ten dificultades para desprazarse a Vigo poderá ser atendida en Tui, previa petición os servizos sociais do concello. O Alcalde tamén lle transmitiu ao presidente a prioridade na axenda de Paramos que ten a concreción por parte do goberno central da forma que se vai realizar o desentullo tendo en conta que o concello xa realizou un proxecto e do asunto das exencións, nomeadamente as do IRPF, un tema que tamén está pendente de concretar pola administración central.

ACiP pide explicacións ao alcalde por non cumprir os compromisos cos alfombristas do Corpus

Ademais de ser declarada de Interese Turístico Internacional, o Corpus é unha festa que transcende a vila; é a máis importante de Ponteareas e está por encima de calquera cor política que mande puntualmente no concello. A pesar de todo, a pesar de que todos temos claras estas premisas, o actual equipo de goberno non parece demostralo, volvendo faltar ás súas palabras e compromisos unha e outra vez.

Haí uns meses, no pasado outono, o alcalde anunciaba en comunicado de prensa que levaría adiante un dos seus proxectos que, curiosamente, non cumprira en todo o mandato: destinar unha leira municipal na zona de A Freixa- á creación dun viveiro coas especies florais que empregan habitualmente os alfombristas do Corpus.

Iniciáronse os traballos, desprazouse maquinaria, moveuse e tratou a terra e meses despois a leira segue, como se pode ver nas imaxes, completamente abandonada, como outras moitas leiras municipais que están



inutilizadas.

Aparte de faltar aos seus compromisos, o equipo de goberno malgastou diñeiro en balde. Por todo iso ACiP vai reclamar por escrito que se especifiquen as cantidades investidas innecesariamente nesta actuación e, ao mesmo tempo, vai esixir que o alcalde cumpra coa súa palabra dada aos veciños implicados directamente na festividade do corpus; festividade que se ve minguada polas actuacións deste goberno que ás topadas promete cousas e logo non cumpre.

En palabras da viceportavoz

de ACiP, Raquel Bautista Alfaya, “desde o noso grupo queremos pedir desculpas aos alfombristas e ponteareáns pola desatención deste goberno municipal cara a unha festa que, ao final, sae adiante e coñécese fóra da nosa vila grazas ás iniciativas dos propios veciños, que actúan de forma altruísta gastando diñeiro do seu propio peto”.

A concelleira de ACiP confía en que “esta situación cambie no próximo mandato e, de verdade, chegue un goberno que realmente aposte por respectar e potenciar a festividade do Corpus”

Ruta en moto Terras Meigas en Ponteareas

O concello de Ponteareas acollerá a celebración do evento turístico-deportivo Terras Meigas o 6 e 7 de outubro para amosar aos participantes o potencial turístico, medioambiental e patrimonial da nosa terra.

Esta proba que acollerá a afeccionados das motos de toda Galicia ten un obxectivo final: rematar o percorrido disfrutando da condución en moto, da navegación con rutómetro ou libro de roteiro (roadbook) e dos valores da paisaxe.

As motos do Terras Meigas percorreren 320 quilómetros en dúas etapas, sábado de tarde e domingo de mañá, arredor de catro horas diarias.

Os participantes poderán inscribirse na proba mixta ou na proba 100% asfalto para dar cobertura a distinto tipo de motos.

A organización ten prevista realizar distintas visitas e disporá de puntos para o

avituallamento así como de sorpresas inesperadas que fagan da xornada un momento divertido.

Os participantes terán un libro de ruta coas indicacións a seguir xunto coa información adicional de lugares recomendados para visitar. Tamén se lles entregará un pasaporte de ruta cos tickets para gozar dos servizos ofrecidos. Para comprobar que se realizou a ruta estableceráse lugares nos que fotografiarse.

A saída realizarase de xeito escalonado en equipos de, como máximo, catro motos para non saturar as estradas e por a proba a orientación dos participantes que terán un horario de saída e uns tempos de paso obrigatorios; tempo suficiente para poder realizar a ruta respectando todas as normas de circulación.

O concello de Ponteareas colaborará con esta proba en materias de seguridade viaria, información turística e guías e detalles institucionais.

O goberno amplía a rede de saneamento en Prado

Cun prazo de execución de seis semanas, oito novos tramos dos que seis discurren por viais municipais e dous por dominio público da PO 254 da Xunta, esta fase de saneamento en Prado supón un novo esforzo en mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía e ademais un novo compromiso coa defensa do medio ambiente e do río Tea.

Ao longo de máis dun quilómetro colocaráse tubaxe, realízanse zanzas, instálense pozos de rexistro e volverase a reparar o asfaltado con reforzos de formigón nos lugares que sexa preciso e atravesando a PO254 mediante topo, un



sistema que permite o paso da tubaxesen ter que romper o asfaltado nin cortar a estrada. A tubaxe desenvocará na actual minidepuradora de Prado que ten capacidade para asumir as vivendas de Prado que non contan con saneamento.

Un proxecto de 90.745,88€ que permitirá a corenta e cinco fogares conectarse ao saneamento público deixando de usar os seus pozos sépticos en beneficio do medio ambiente e tamén da súa economía co aforo do mantemento.

O concello redeseña as terrazas cos hostaleiros do Paseo Matutino



A concellería de Comercio, Hostalería e Consumo que dirixe Inés Vidal comeza a rolda de reunións cos hostaleiros do Paseo Matutino para o redeseño das terrazas. Coa intención de obter un deseño

uniforme e acorde ás modificacións da ordenanza municipal, Inés Vidal traballa da man dos oito hostaleiros do primeiro tramo do Paseo Matutino para que, o antes posible, poidan inaugurarse unha vez rematadas as obras.

Novas da Raia

Tomiño e Cerveira asinarán o 4 de outubro a constitución da Eurocidade

O vindeiro xoves, 4 de outubro, ás 12.00 horas (hora galega), celebrarase na Ponte da Amizade (Ponte Internacional de Goián) o acto oficial de sinatura da Eurocidade Cerveira-Tomiño.

Está prevista a asistencia da xefa territorial en Pontevedra da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Marta Mariño, e tamén da vicepresidenta da Comissao de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N), Ester Silva. Tamén asistirán, coma é lóxico, os alcaldes de Cerveira e Tomiño, Fernando Nogueira e Sandra González, respectivamente; as concelleiras de Cultura e outras autoridades de ambos municipios.

Abrirá o acto a Academia de Música Fernandes Fao de Vila Nova de Cerveira e pecharao a Escola



de Música de Goián.

Para a constitución da Eurocidade foi necesario redactar e aprobar en pleno, nos dous concellos, unha adenda á Carta da Amizade Cerveira-Tomiño existente dende aí varios anos, coma símbolo de unión e cooperación entre os municipios. Esta adenda será lida polas concelleiras de Cultura e asinada polos alcaldes.

O Concello de Tomiño axuda por segundo ano consecutivo ás traídas de auga, cun investimento de 50.000 euros

Vinte e cinco comunidades de usuarios de auga de Tomiño, recibirán unha subvención por parte do Concello, que lles permitirá facer fronte a gastos de materiais, equipamentos e man de obra para realizar melloras dos sistemas de captación de auga (fontes e pozos e o seu entorno); sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, filtración), e sistemas de distribución (extensión ou mellora nas redes de distribución).

A partida total para as axudas competitivas ascende a 40.000 euros, que se repartirán entre 25 traídas de auga que entregaron a documentación requirida e cumpriron os requisitos, e que abastecen un total de 3000 persoas.

A concelleira de Medio Ambiente, María Xosé Vázquez, explicou ademais que dos conceptos incluídos na convocatoria de subvención, o Concello financia para todas as traídas (cunha partida de 10.000 euros adicionais), parte do custo (50%) das analíticas anuais e kits de cloración; 100% de medidores de cloro, e

100% da alta no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo e na elaboración de protocolos sanitarios, polo que o investimento total nas traídas de augas do Concello de Tomiño no ano 2018 ascende a 50.000 euros.

“Este é o segundo ano que se conceden as subvencións e, que saibamos, non hai outro concello que teña un programa de axudas similar”, puntualiza a concelleira. Debido ao novidoso deste tipo de programas de axudas, o Concello de Tomiño foi convidado o pasado mes de xuño a unhas xornadas na Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), denominadas “Os abastecementos veciñais a estudo. Propostas de xestión”, na que se explicaron os proxectos desenvolvidos nos concellos de Tomiño e Abegondo, a través de conferencias de representantes de ambos concellos, da Dirección Xeral de Saúde Pública e de Augas de Galicia. O obxectivo destas xornadas era que outros concellos de Galicia puidesen coñecer políticas públicas de apoio a estes sistemas comunitarios de provisión de auga, tan comúns na Galicia rural.

Meses de verão com elevada afluência turística em Cerveira

A Loja Interativa de Turismo de Vila Nova de Cerveira registou, nos meses de junho, julho e agosto, 18.988 visitantes, correspondente a um aumento de 27,5% relativamente ao período homólogo de 2017. Programação ‘COOLtural’ de verão atraiu portugueses oriundos de várias regiões, mas essencialmente fica marcado por um crescimento muito significativo de estrangeiros.

Apesar de considerados um mero indicador do fluxo turístico do concelho -pois nem todos os visitantes passam necessariamente pela Loja Interativa de Turismo de Vila Nova de Cerveira -, estes dados são reveladores da excelente dinâmica turística no concelho vivida nos últimos três meses.

Além de um maior número de visitantes portugueses, e da Espanha continuar a ser o principal mercado estrangeiro emissor, há a realçar um aumento muito considerável de visitantes europeus, nomeadamente da Alemanha, França, Reino Unido, Holanda e Itália,



assim como uma maior procura de brasileiros. No total, entre junho e agosto do corrente ano passaram por aquele espaço de informação turística do concelho 18.988 pessoas, mais 1.861 portugueses e mais 2.237 estrangeiros.

Para o edil cerveirense, “os números traduzem o esforço contínuo que a autarquia tem vindo a desenvolver, na dinamização de diversos eventos e iniciativas, na qualificada oferta turística, para aumentar a procura, alcançar notoriedade e o reconhecimento junto dos que visitam o concelho”. Fernando Nogueira realça um constante frenesim nas ruas, para o qual muito contribuiu a consolidação de uma programação de qualidade e diversificada

“com concertos lotados, com a comemoração dos 40 anos da Bienal Internacional de Arte, com o surpreendente ‘O Crochet sai à Rua’, com a alargada Festa da História, sem esquecer as tradições festivas, etnográficas e filarmónicas”.

Não obstante, o presidente da autarquia cerveirense lembra a preocupação já levantada pelo facto de Vila Nova de Cerveira ser um dos concelhos do Alto Minho com menor disponibilidade hoteleira, “o que eventualmente pode constituir-se como um fator inibidor do crescimento turístico do concelho. É premente mais oferta hoteleira para dar resposta à crescente procura, pois habitualmente a partir de maio já não dispomos de camas”.



Mondariz esixe ao Sergas “que garanta o funcionamento do servizo se pediatria”

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, vén de remitir un escrito á Xerencia de Atención Primaria de Vigo, para amosar o seu total desacordo coa xestión dos Sergas no que atinxe ao servizo de Pediatría. O rexedor municipal considera “absolutamente inaceptable” que a baixa da facultativa titular, “non fora cuberta por ningún substituto ou substituta a pesar de dispoñer de varios meses para facelo”.

A solución dada polo Sergas, de derivar ás familias ao Centro de Saúde de Ponteareas “non é nin de lonxe a situación axeitada”, apunta Montes Bugarín, xa que obriga ás familias

a desprazarse entre 10 e 18 quilómetros “un feito sangrante se temos en conta que existe un Centro de Saúde no pobo”.

Cómpre salientar que para moitas familias, que non dispoñen de vehículo propio, desprazarse ata o Centro de Saúde de Ponteareas, supón unha enorme dificultade “dato que o transporte público, como xa denunciamos en máis dunha ocasión, é totalmente deficiente”.

Xoán Carlos Montes Bugarín pregúntase como é posible que se a Xunta de Galicia “fale de fomentar o rural galego, retire servizos tan básicos como a Sanidade?”.

En todo caso, resume o alcalde de Mondariz, e “absolu-

tamente inaceptable” que por parte das autoridades sanitaria, téñase sen servizo de Pediatría o Centro de Saúde dun concello “que ten unha poboación de máis de 500 nenos e nenas repartidos nas 11 parroquias do municipio e que, a maiores, tamén atente á poboación infantil de Mondariz Balneario”.

Por todo iso, Xoán Carlos Montes Bugarín non só esixe “que se restableza, á maior brevidade posible, o servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Mondariz” senón que tamén, e non menos importante, “que se garanta o seu continuo funcionamento de maneira estable”.

Arbo rexistra a marca “Festa da Lamprea”

O Concello de Arbo rexistrou a marca “Festa da Lamprea Seca” a través da Oficina Española de Patentes e Marcas, o que supón o total control do seu uso por parte da corporación municipal.

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil, sinala que esta medida “é un paso necesario e moi importante para garantir a autenticidade da festa e protexer a identidade dunha celebración que contribúe a desestacionalizar o consumo de Lamprea” á vez que “facilita a difusión e promoción da Festa da Lamprea Seca en diferentes ámbitos e evita o uso que outras organizacións poidan realizar del, recalcándoa como unha festa propia e orixinal de Arbo”.

O número de visitantes desta festa, xa na súa XXIII edición, non para de crecer ano tras ano, atraídos pola súa exquisita gastronomía, os seus viños e a súa beleza natural, con estampas paisaxísticas tan belas como a das Pesqueiras. Un total de sete adegas e dous restaurantes participaron na edición deste ano. “Esta festa desde o seu inicio buscou dar a oportunidade de probar outras das súas moitas pre-



paracións» sinala o alcalde. A lamprea seca sèrvese frita, rebozada, rechea, en empanada e asada á brasa. As racións véndense a prezos populares e están amenizadas coa celebración do Festival “Cantos de Taberna”, charangas e múltiples actividades como unha Andaina Popular, a Feira de Artesanía ou a Festa da Bicicleta, entre moitas outras.

Esta marca está rexistrada como distintivo denominativo, enmarcada dentro das actividades deportivas e culturais. O distintivo protexe a denominación “Festa da Lamprea Seca” para unha enorme relación de produtos e servizos, tales como soportes publicitarios, todo tipo de pezas de vestir e elementos de costura, papelería, bixutería, utensilios e recipientes para uso doméstico e culinario, servizos e materiais audiovisuais, ata completar unha listaxe de máis dun milleiro de produtos.

Aumento das axudas á natalidade e para o material escolar en Covelo

O Concello de Covelo aprobou as Bases que xa foron publicadas no BOP polas que se rexerán a concesión de subvencións para o fomento da natalidade e a adquisición de material curricular para o curso 2018-19.

Este ano aumentaron as axudas de natalidade, que pasa de 300 a 500 € por fillo e as axudas para material escolar que pasa de 60 a 100 €.

As axudas á natalidade están destinadas a sufragar parcialmente os gastos derivados do

nacemento ou adopción de nenos empadroados no Concello de Covelo. Os pais ou nais deberán estar empadroados no concello cunha antelación mínima de nove meses e que a renda da unidade familiar declarada no IRPF do ano 2017 non supere os 45.000 €. A contía das axudas incrementase este ano e pasarán a ser de 500 € por cada fillo nado ou adoptado. Estas accións serán financiadas con cargo ao orzamento de 2018 que se duplicou ata un importe máximo de 6.000 €.

Tamén se aprobaron as bases da axudas para adquisición de libros e material curricular para alumnos matriculados en centros docentes públicos de educación infantil do Concello de Covelo. As axudas serán de 100 € por alumno e de 125 € se teñen minusvalía ou pertencen a familias numerosas. Para estas axudas tamén se incrementou o orzamento de 2018 ata un importe total de 2.500 €.

Os interesados poderán consultar as bases na web do concello www.concellodecovelo.es.

Salvaterra e os Bombeiros de Monção asinan un protocolo de colaboración

O pasado 28 de setembro reuniéronse en Salvaterra o Presidente da Cámara de Monção, o Presidente da Asociación Humanitaria dos Bombeiros Voluntarios de Monção e o Alcalde de Salvaterra de Miño, co fin de firmar un acordó de intencións que busca formalizar e dar un contexto de seguridade xurídica á axuda mutua que se estaba dando entre os

Bombeiros de Monção e o Concello de Salvaterra e que buscará dar un paso máis no longo destes meses vertendo un marco onde este convenio se poida trasladar ao propio centro do 112 a hora de activar o protocolo de emerxencias.

Neste acordo recoñécese a axuda prestada, que agora a través da Eurocidade ten que ter un papel mais activo na re-

gulación da asistencia mutua a desenvolver en situación de emerxencias e definir as directrices para outras formas de cooperación, comprometéndose a actuar de maneira articulada en incendios urbanos e industriais e operación de busca e salvamento, adoptando políticas que posibiliten, faciliten e soporten a actuación dos Bombeiros Voluntarios de Monção en Salvaterra.



Baixo Miño

Redacción

O legado das Marcas dos Pescadores, obxecto dunha Exposición na Guarda

O pasado sábado día 22 de setembro a Casa dos Alonsos da Guarda acolheu a inauguración da Exposición «Marcas de Pescadores de Póvoa de Varzim e da Guarda», unha exposición que recolle unha mostra fotográfica, de aparellos de pesca, artigos e escritos sobre a historia do mar e dos seus pescadores.

Despois do seu paso por Póvoa de Varzim, onde foi inaugurada a principios do pasado mes de xullo, a Exposición das «Marcas dos Pescadores de Póvoa e da Guarda» chega finalmente á Guarda, contando ademais cunha visita de honra, a chegada ao Porto da Guarda da embarcación tradicional «Fe em Deus», que fixo a súa travesía de 5 horas dende o municipio portugués ata A Guarda con unha quincena de tripulantes a bordo, sendo recibidos á súa chegada por varias em-

barcacións de pescadores, do clube de Remo Robaleira e as autoridades locais xunto co Vicepresidente da Cámara de Póvoa de Varzim.

Antes da inauguración, varios veciños puideron participar nunha travesía a bordo desta singular embarcación «povoeira» pola costa da Guarda, unha travesía na que se demostrou o bo facer da tripulación de Póvoa de Varzim, co izado da gran vela e o cambio da mesma en alta mar.

Ás 19:00h tiña lugar o acto de inauguración, que contou coas intervencións do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; o vicepresidente da Cámara de Póvoa, Diamantino, Luís Diamantino Carvalho Batista; o secretario da Asociación Piueiro, Celso Fariñas; o Presidente de Anabam e guía da tertulia, Agustín Ferreira e tamén da Comisaria desta exposición,



Deolinda Maria Veloso Carneiro, xunto con máis de medio cento de asistentes.

Despois dunha breve explicación sobre os diferentes contidos desta exposición Agustín Ferreira Lourenzo encabezou unha breve tertulia, na que participaron pescadores de Póvoa de Varzim e da Guarda, onde se intercambiaron experiencias, anécdotas, memorias e sobre todo, afondar a forte

vinculación existente entre estes dous municipios. Destacaron algunhas curiosidades coma as marcas que deixaban os pescadores de Póvoa de Varzim na Porta da Capela de Santa Trega, ou a tradición de subir á Capela a «virar a tella» para pedirlle á Santa que cambiase o vento para poder voltar navegar cara a Póvoa de Varzim.

As fronteiras non separan as augas do mar e aos seus

pescadores, nos tempos de barcos a remos e velas os povoeiros tiñan moita vinculacións con Galicia e coa Guarda, onde atopaban abrigo ante os temporais do mar e onde tamén visitaban a ermida de Santa Trega, as súas marcas foron sempre un punto en común entre eles, unha maneira de identificarse entre si, nun tempo no que non existían outras formas de comunicacións

ou de distinción, compartindo as marcas coma un nexo histórico-cultural común.

A Exposición Marcas dos Mariñeiros pódese visitar ata o 6 de outubro en horario de 7:30h a 15:00h e de 19:00h a 20:30h, enmarcada nos actos previos á celebración do XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, que se celebrará na Guarda do 11 ao 14 de xullo de 2019.

A Guarda celebrou a Romaría de Santa Trega

O pasado domingo día 23 de setembro A Guarda acolheu un ano máis a Romaría de Santa Trega, unha xornada relixiosa e de lecer que estivo marcada este ano por unha masiva afluencia de visitantes e unhas excepciónais temperaturas.

A Romaría de Santa Trega é un evento de carácter relixioso e tamén festivo que congrega no Monte de Santa Trega a multitude de fieis e devotos da Virxe de Santa Trega, este ano participaron, ademais das autoridades locais e de concellos veciños, unha representación de veciños de Póvoa de Varzim, encabezados polo Vicepresidente da Cámara de Póvoa de Varzim, coincidindo coa inauguración da Exposición das Marcas dos Mariñeiros, tamén moi ligadas á Capela de Santa Trega.



Dende primeira hora da mañá a Capela de Santa Trega acolheu varias misas ás 8, 9 e 10 da mañá, sendo ás 11:00h o Sermón e a Solemne Procesión, que contou cunha ampla participación. Tralo remate dos actos relixiosos celebráronse as tradicionais poxas de produtos típicos, que contou tamén cunha masiva resposta por parte do público, poxando

lotes de froitas, viños e o sorteo final dunha monumental tarta con premio no seu interior. Seguindo a tradición, moitas familias participaron nun xantar popular no Monte Santa Trega, onde as familias se reúnen para almorzar, cantar e bailar ata a tardiña, onde o son das gaitas, acordeóns, pandeiretas e tamboriles acompañan a sobremesa.

A Guarda incorpora no portal de transparencia numerosa información de interese

O Concello da Guarda, cumprindo cos obxectivos de transparencia pública e información aos cidadáns, ven de incorporar recentemente ao portal de transparencia da sede electrónica municipal, informacións de temática variada sobre proxectos, normativas, patrimonio, urbanismo, obras, orzamento municipal, entre outros.

Recentemente, puxéronse á disposición dos cidadáns a información relativa aos proxectos das obras da Rúa San Queitano, o SkatePark ou as obras de humanización da Rúa Concepción Arenal.

Deste xeito os cidadáns poderán acceder a estes contidos, para a súa consulta ou descarga e coñecer máis polo miúdo estas informacións.



A Deputación aproba a subvención para a urbanización do Campo da Feira

A Deputación de Pontevedra ven de anunciar a aprobación da subvención do “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ANTIGO CAMPO DA FEIRA DE VESA NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS” que o Concello de Salceda de Caselas solicitou ao abeiro do Plan de Remodelación e Mellora da seguridade dos viarios municipais (DEPO-REMSE). O proxecto conta cun orzamento de 521.070,99€, dos cales a Deputación asumirá 468.963,89€.

O proxecto estivera xa comprometido nos Orzamentos do Estado de 2011, e parcialmente tamén nos do 2012. Sen embargo, o Goberno de Mariano Rajoy non cumpriu co recollido nos Orzamentos, deixando o proxecto sen executar, a pesares de ter remitida toda a documentación que daquela se lle solicitara ao Concello.

Na obra contéplase un espazo para a parada do transporte público, un espazo propio para o Centro de Servizos Sociais, unha área de xogos infantís, zonas verdes, renovación das redes soterradas dos ser-



vizos, novo alumeadado e diverso mobiliario urbano. A Praza da Vesa foi o centro neuráxico e histórico da vila, polo que o Equipo de Goberno considera primordial a recuperación e posta en valor deste espazo.

Dentro dos obxetivos que se pretenden conseguir con esta liña de subvencións está fomentar a mobilidade sustentable, de maneira que se priorice a seguranza e a mobilidade peonil, a remodelación das rúas e viarios, a fin de facilitar a comunicación entre os espazos de emprego e dotacionais de uso social, sanitario ou educativo, así como para mellorar aqueles trazados que soportan

unha alta densidade de tráfico tanto peonil como rodado, obxectivo co que este proxecto cumpre e que se recolle tamén no Plan de Mobilidade Sustentable de Salceda.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, definiu o proxecto como “a creación dun novo espazo de 4000m2 que mellorará a paisaxe urbana da vila, revitalizando tamén as rúas contiguas, nunha zona actualmente pouco atractiva. Seguimos dando pasos na recuperación da nosa vila para as persoas, con especial coidado nos colectivos máis sensibles como os da infancia, a terceira idade, ou as persoas con discapacidade”

Aprobación do Inventario Municipal de bens de Salceda

O Pleno de Salceda de Caselas levará a Pleno aprobou provisionalmente o Inventario valorados dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio da Entidade local, tal e como establece no seu artigo 34 o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O inventariado e valoración destes bens e, para o alcalde de Salceda, Marcos Besada, non só unha obriga legal “senón un xeito de defender os intereses da veciñanza porque son bens de todos e todas”.

Nese sentido Besada subliñaba que “é preciso que a cidadanía coñeza, con detalle, cal é o patrimonio do seu Concello”.

O Concello de Salceda conta cun patrimonio inventariado de 24.464.800,85 euros, distribuídos entre Bens Inmóbles, cun total de 1.208 bens, nos que se inclúen fincas urbanas e rústicas, vías públicas, rede eléctrica e instalacións de auga e saneamento.

No epígrafe de Dereitos Reais, Salceda conta cun total de 3 bens inventariados, men-

tres que en Mobles Especiais son 19 os bens que figuran no documento.

No que a Vehículos Municipais fai referencia, o inventario recolle un total de 10 mentres que en Mobiliario son un total de 1.234 elementos os detallados nesta listaxe.

O expediente do inventario expoñerase ao público por un prazo de 20 días hábiles mediante o anuncio no BOPPO. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevada a definitiva a aprobación do documento.

O PP de Salceda volve intentar enganar á veciñanza

O Equipo de Goberno de Movemento Salceda, en resposta ás declaracións feitas polo Partido Popular de Salceda con respecto á subida do recibo do IBI, lembra que o IBI é un imposto obrigatorio para os Concellos, e está dirixido polo Ministerio de Facenda a través da Dirección Xeral de Catastro. Os Concellos xestionan xunto a Catastro, e a recadación é íntegra para os Concellos, pero é o Ministerio quen establece as directrices.

No caso de Salceda, é un dos poucos Concellos da Área de Vigo que ten Ponencia de Valores do ano 1.989; a valoración dos bens está polo tanto feita en base a ese ano, e é moi inferior á realidade. Por este motivo, o Concello de Salceda ten que incrementar un 8% o valor catastral co obxectivo de achegar os valores catastrais cando menos ao 50% do valor de mercado, obxectivo marcado dende a Dirección Xeral de Catastro. Por outra banda, a ordenanza do Concello de Salceda establece o tipo impositivo do IBI no 0,50% (ata o 2016 era do 0,53%), sendo un dos tipos máis baixos

da comarca, pois a lei marca que deben estar entre o 0,50% e o 1,10%.

O PP de Salceda intenta de novo enganar á poboación afirmando que foi o Concello quen solicitou a actualización de valores, pois sabe perfectamente que a petición da actualización ao Ministerio non é máis que un trámite administrativo que ao Concello de Salceda, ó igual que a milleiros de Concellos en todo o País non nos queda máis remedio que realizar.

A ponencia de valores de Salceda poderíase ter actualizado se o PP e o PSOE non decidisen impedir a aprobación inicial do PXOM, que levaría parello que centos de parcelas rústicas que non teñen condición de solar e están nas normas subsidiarias en núcleo pasarían a tributar como tales.

Jose Luis González, Concelleiro de Facenda: “Non é de recibo que o PP de Salceda leve anos poñendo atrancos á acción de goberno e que agora busque unha vez máis enganar á cidadanía culpando ao Concello das directrices do Ministerio de Facenda que afectan ao conxunto do País”.



Louriña

Redacción

0 Festival de Cans recibe o Premio da Cultura Galega

O Festival de Cans foi recoñecido co Premio da Cultura Galega na categoría de audiovisual, máximo galardón no eido da cultura que concede a Xunta de Galicia.

Xosé María Álvarez Cáccamo, Luz Darriba, o Festival Internacional de Outono de Teatro-FIOT, o grupo A Roda, Antón Santamarina, a Asociación O Sorriso de Daniel e Ramón Villares foron os outros galardoados nas diferentes modalidades do Premio.

O Festival de Cans é un encontro audiovisual de produción galega, onde outras manifestacións culturais tamén xogan un papel relevante. Organizado anualmente pola Asociación Cultural Arela, baixo a dirección de Alfonso Pato, na parroquia de Cans, coincidindo co festival de Cannes de Francia, en boa medida polo paralelismo entre os dous nomes. Cunha programación de curtas, estreos de filmes e documentais, coloquios con cineastas, rutas sonoras e

diversas actividades que chegan actualmente a máis de 13.000 persoas, Cans convértese nun punto de encontro da creación galega emerxente e nunha gran plataforma de difusión dos novos creadores e creadoras.

Con este premio, o Festival de Cans convértese nun dos eventos culturais que ten acadado un maior número de recoñecementos en Galicia. A este Premio da Cultura hai que sumar o prestixioso Premio da Crítica á mellor iniciativa cultural, concedido pola Fundación Premios da Crítica no ano 2009 ou o Premio de Cultura da Deputación de Pontevedra ao mellor proxecto innovador no ámbito da cultura, recibido en 2011. Ademais, o festival foi recoñecido en 2013 co Premio Internacional Ateneo de Ourense ao fomento da cultura, e co Premio Círculo da Cultura que concede a sociedade privada Círculo Recreativo do Porriño. Fóra de Galicia, en 2007 foi recoñecido no Festivalito

de La Palma como festival revelación e en 2015 levou o Premio Ascaso, que concede o Festival de Ascaso, en Huesca, a promoción do cine de autor no medio rural. En 2014, o Festival de Cans foi finalista do premio do público en Cultural de Galicia. A toda esta traxectoria de recoñecementos acadada en quince anos, hai que sumar os estudos feitos sobre o festival como o libro "Estudio do impacto dun evento cultural: o caso do Festival de Cans", saído da tese de doutoramento sobre o festival que fixo Fran Núñez, e que aportou unha metodoloxía pioneira no xeito de medir o impacto dos festivais, agora utilizada por Agadic para poder medir o impacto en outros festivais.

O galardón será recollido nunha gala coa presenza do Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo, a celebrar en Santiago de Compostela no mes de decembro.

0 Concello de Mos rebaixa este ano en preto de millón e medio a súa débeda bancaria

Aproveitando a aprobación da Conta Xeral de 2017 que se levou o pasado venres a Pleno da Corporación Municipal, a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o tenente alcalde e concelleiro de Facenda, Contratación e Transparencia, Alberto Méndez, informaron da redución da débeda bancaria municipal que alcanzará este ano o 1.428.000 euros pasando de 8.200.000 euros a data 1 de xaneiro de 2018, a 6.772.000 a finais deste mesmo ano. Este dato ven aportado por un Informe de Tesourería que certifica tamén que a finais de



lexislatura, é dicir en maio de 2019, a débeda bancaria financeira superará en pouco os 6 millóns de euros (6.091.307,75 euros para ser exactos).

Deste xeito, a débeda per cápita por habitante pasa de

538 euros a principios deste ano, a 444 cando remate o mesmo (94 euros menos) e 393 euros a final de lexislatura, momento no que a débeda bancaria por habitante terase reducido exactamente en 145 euros por persoa.

24 vivendas de Torneiros conectaranse á traída municipal

Un total de 24 vivendas do barrio de A Gándara, en Torneiros, que ata hoxe eran usuarias da traída veciñal, poderán conectar coa Rede Municipal de Abastecemento en canto rematen os traballos que está a realizar nesta zona a Concellería de Vías e Obras.

O tenente de alcalde, Manuel Carrera subliña que as veciñas e veciños desta zona poderán ter servizo de auga potable, logo dunha modificación orzamentaria impulsada dende o Goberno local, á que se opuxo o Partido Popular, dado que se fixera pouco tempo despois de que o Pleno aprobase os orzamentos municipais, os primeiros que ten O Porriño en seis anos.



Para que sexa así, vanse instalar 416 metros lineais de tubaxe e se completarán 16 acometidas, que rematarán cuns traballos iniciados a principios de setembro e que contan cun orzamento de 36.000€.

Obradoiro de atención socio-sanitaria de 6 meses e remunerado




Dezaseis veciñas e veciños do Porriño en situación de desemprego empezan o vindeiro luns, 1 de outubro, un obradoiro de emprego de garantía xuvenil, remunerado, de 6 meses de duración, impulsado polo Concello en colaboración coa Xunta de Galicia.

O obradoiro, como sinalou a súa directora na presenta-

ción do mesmo, abrangue formación teórica e práctica sobre Atención Socio-sanitaria a Domicilio e a Institucións, durante un período de medio ano no cal os participantes cobrarán o salario mínimo interprofesional-que para este 2018 está establecido en 735,90€- e ao remate recibirán una Certificación Profesional.

vivamoscomogalegos.com



GLOBAL MULHINEIRA

Vivamos como galegos!

GADIS

#SéTeimudo

Tomiño renova a sinalización do Ecoparque Arqueolóxico do Monte Tetón, que recolle a maior combinación circular de Europa

O Concello de Tomiño vén de rematar o proxecto de 'Reposición de sinalización e equipamento do Ecoparque Monte Tetón, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro da convocatoria de subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural.

No Ecoparque Arqueolóxico do Monte Tetón atópase a maior combinación de círculos concéntricos coñecida na arte rupestre mundial.

A realización deste proxecto

débese a que na actualidade este ecoparque presentaba considerables danos froito do deterioro normal dun xacemento ao aire libre, que afectaban principalmente á sinalización do parque e a determinados elementos estruturais, como varandas ou pasos de madeira.

Como consecuencia da realización deste proxecto modernizouse, actualizouse e substituíuse a sinalización do parque e reparouse e mellorouse a accesibilidade dos xacementos. Ademais, como complementariedade, recolleuse

toda a información sobre estes petroglifos na web do concello de Tomiño, dentro do apartado Descubrir Tomiño.

O importe da axuda ascende a 36.300 euros e subvenciona ao 100% os seguintes conceptos: estudo e actualización dos contidos divulgativos do parque; elaboración, deseño e maquetación dos recursos gráficos, audiovisuais, paneis divulgativos e sinalización do parque; redacción do proxecto arqueolóxico para a intervención de estruturas; produción e instalación da sinalización e dos paneis

divulgativos; publicación en liña dos recursos dixitais dos contidos accesibles; a execución da intervención nas estruturas perimetrais, pasamáns e pasa-

rela de acceso universal ao xacemento; a difusión e publicación da intervención; a avaliación da intervención e a xustificación do proxecto.







SPORTUR
Galicia II SALÓN DO DEPORTE
E TURISMO ACTIVO

15, 16 e 17
novembro de 2018
Expourense
(Ourense | Galicia | España)

www.sporturgalicia.com

DEPORTE | VIDA ACTIVA
NATUREZA | SAÚDE

